



SESION ORDINARIA DE 26 DE NOVIEMBRE DE 2019

(Acta Número 16)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D^a. M^a. Elena Candía López
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do **día vinte e seis de novembro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de outubro de dous mil dezanove, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

PARTE RESOLUTIVA

COMISION DE ASUNTOS DO PLENO

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COS ESCRITOS DE CONCELLOS SOLICITANDO MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que di o seguinte:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos da Alcaldía do Concello de SARRIA, no que solicita unha modificación/substitución de investimentos incluídos no PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019, infórmase o seguinte:

1.- Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de



2019, fixéndose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan

2.- O PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación, en sesión extraordinaria celebrada en data 21 de maio de 2019, figurando incluído o investimento e a actuación que se sinalan e se pretenden modificar:

I.- CONCELLO DE SARRIA

a).- O Concello de SARRIA, incluíu no programa de investimentos do Plan único 2019 os seguintes investimentos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
SARRIA	291	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE PISTAS DEPORTIVAS DE O CHANTO, INCLUÍDO HONORARIOS	22.596,47 €	65.487,39 €	88.083,86 €
	292	TERMINACIÓN DA RÚA DIEGO PAZOS DE SARRIA, INCLUÍDO HONORARIOS	124.035,42 €	100.000,00 €	224.035,42 €
	293	DESPEGUE DE FIBRA ESCURA PARA CONEXIÓN DE SEDES MUNICIPAIS, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	18.348,44 €	18.348,44 €
	294	SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE LUMINARIAS PARA O PASEO DO RÍO CELEIRO, DENDE RÚA LÁZARO RÚA SAN EUFRASIO, INCLUÍDO HONORARIOS	968,00 €	29.095,32 €	30.063,32 €
	295	SUBMINISTRO DUNHA DESBROZADORA DE BRAZO PARA TRACTOR	0,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
	296	SUBMINISTRO DUNHA FURGONETA USADA PARA O SERVIZO DE OBRAS	0,00 €	18.000,00 €	18.000,00 €
	297	SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA MATADOIRO MUNICIPAL DE SARRIA	0,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €

b).- A Alcaldía do Concello de SARRIA, solicita a través de escritos con RE nº 2019RT004996, de 24/10/2019; RE nº 2019RT005135, de data 31/10/2019 e RE nº 2019RT005408 de data 13/11/2019 modificación/substitución de investimentos incluídos no PLAN ÚNICO, concretamente afecta ao investimento nº 292 e 296 do plan único 2019, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, incorporada ao expediente, polo que solicita a modificación do Plan, no sentido de modificar os investimentos indicados, co orzamento que se sinala, sen modificacións na achega da Deputación. Acompaña os novos proxectos e documentación relativa ás novas actuacións solicitadas, que de ser aprobado polo Pleno ditas modificacións, quedarían incluídas no Plan único 2019 da maneira que se indica:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
SARRIA	292	DOTACIÓN E REPOSICIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS NA RUA DIEGO PAZOS DE SARRIA, TRAMO COMPRENDIDO ENTRE O CURZAMENTO COA RÚA CALVO SOTELO E A RÚA GREGORIO FERNÁNDEZ	0,00€	100.000,00 €	100.000,00 €
	296	SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR DE SEGUNDA MAN PARA O SERVIZO DE MEDIO RURAL	0,00€	18.000,00€	18.000,00€



3.- A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polos Concellos, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

4.- Tendo en conta as solicitudes e xustificacións expostas polos concellos, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é o Pleno, ao ser órgano que aprobou o Plan único 2019.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución dos investimentos relativos ao Concello de SARRIA que se sinalan, e que quedan incluídos no PLAN ÚNICO 2019.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que polo Pleno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de SARRIA e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución dos investimentos relativos ao Concello indicado, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2019 modificado nos investimentos do concellos indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
SARRIA	292	DOTACIÓN E REPOSICIÓN DE SERVICIOS BÁSICOS NA RUA DIEGO PAZOS DE SARRIA, TRAMO COMPRENDIDO ENTRE O CURZAMENTO COA RÚA CALVO SOTELO E A RÚA GREGORIO FERNÁNDEZ	0,00€	100.000,00 €	100.000,00 €
	296	SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR DE SEGUNDA MAN PARA O SERVIZO DE MEDIO RURAL	0,00€	18.000,00€	18.000,00€



2º.- Someter esta modificación do Plan único 2019 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras ou prórrogras concedidas para o investimento numerado”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

3.- PROPOSTA DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Antecedentes

PRIMERO: A Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), por acordo da súa xunta de goberno de 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ó amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme a la redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.



A Central de Contratación da FEMP rexese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público.

O procedemento e competencia para a adopción do acordo consta informado en documento con CSV: IV6R4TXZDZNX2HD4F6FGM3FMU.

SEGUNDO: A Deputación De Lugo está interesada na utilización da Central de Contratación creada pola FEMP.

En consecuencia, tendo en conta o disposto no artigo 228 da referida Lei 9/2017 e sendo de interese para esta Entidade a utilización da Central de Contratación da FEMP, propono ó Pleno da Deputación de Lugo a adopción do seguinte acordo:

PRIMERO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministrados que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Axustarse ó establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ó ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigas das Entidades Locais.

TERCERO.- Remitir o presente Acordo á Federación Española de Municipios e Provincias ós efectos oportunos.

CUARTO.- Facultar á presidencia ou en que esta delegue para a realización dos trámites relativos á execución do presente acordo.

QUINTO.- Facultar ó servizo de contratación e fomento para remitir a documentación relativa á adhesión.



A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, para anunciar a abstención do seu Grupo neste punto.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

--oo0oo--

4.- PROPOSTA DO GOBERNO POLA QUE SE SOLICITA AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA Á RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DA SOCIEDADE PARA A XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA.

Logo de ver a proposta do Goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

A deputada Provincial, D^a. Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo e D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte: Proposta de Goberno pola que se solicita ao Goberno da Xunta de Galicia a retirada do Anteproxecto de Lei de creación da Sociedade para a Xestión do Ciclo Integral da Auga.

Exposición de Motivos:



Unha vez máis, o Goberno galego vén de anunciar un proxecto legislativo para a creación dunha sociedade para a xestión do ciclo integral da auga na que a Xunta de Galicia resérvase toda a capacidade de decisión e coa que pretende obrigar ás Deputacións Provinciais a participar e a achegar recursos en contra do máis elemental respecto polo principio de autonomía local.

Alega, interesadamente, a Xunta de Galicia que o abastecemento de auga e a súa depuración son competencias municipais. E tamén atendendo unicamente á Lei de Bases de Réxime Local (especialmente trala reforma de 2003 en plena crise económica, coñecida como "reforma Montoro", que tantos e tan graves prexuízos ten causado aos concellos) e á Lei de Augas de Galicia. Sen embargo, esquece a Xunta no seu argumentario propagandístico citar o artigo 142 da Constitución Española, no que se consagra que “las haciendas locales deberán disponer de los medios suficientes para el desempeño de las funciones que la ley atribuye a las corporaciones respectivas y se nutrirán fundamentalmente de tributos propios y de la participación en los del Estado y de las Comunidades autónomas”. Un artigo constitucional que plasma, como poucos, o principio de suficiencia financeira.

Tamén para os concellos, a realidade é que este anteproxecto de lei certifica o fracaso do modelo nacido en 2012 coa creación do canon de saneamento. Segundo os Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia para 2019, Augas de Galicia recadará por concepto de canon 51.750.000 euros.

Pero desta cantidade só 29.290.069 euros (o 56%) gástase en investimentos reais ou transferencias a outras Administracións, mentres que o 44% restante vai ao gasto corrente.

Pero peor aínda é o balance final sobre o territorio, dado que eses 29,2 millóns son distribuídos con criterios partidistas e clientelares, previo filtro en función da cor política da corporación local.

Asistimos agora a un novo intento de engrosar a Administración paralela. Se Augas de Galicia xa ten forma xurídica de entidade pública empresarial, o novo ente sería unha Sociedade mercantil pública autonómica rexida polo dereito privado cun capital social repartido en forma de accións. A Xunta de Galicia, que presume de adelgazar a Administración paralela, inventa un novo órgano extra-administrativo, que define como a “Sogama da Auga”.



Preténdese que as Deputacións se convertan en socios minoritarios, sen poder de decisión ningún e preténdese tamén deixar á Xunta a potestade de aprobar, a través da lei de Orzamentos Xerais, as tarifas por metro cúbico dos servizos que prestaría o novo chiringuito.

E, aínda máis, preténdese que todo iso se acepte sen negociación ningunha máis alá dunha convocatoria intimidatoria un día antes de anunciarlo á prensa. Por imposición. Un novo despropósito desta Xunta tan dada a allear os problemas de Galicia cara o Goberno central e a centrifugar competencias, sen acompañalas dos debidos recursos, ás entidades da Administración local.

Por increíble que pareza, a Xunta quere que, unha vez creado este novo chiringuito, as obras hidráulicas se financien a partes iguais entre a Xunta, a Deputación e o Concello respectivo, a razón dun terzo por cada parte. Obviamente, a Xunta financiaría o seu terzo co canon de saneamento, nunha refinada “performance” dese tan habitual “eu invito, ti pagas” do Goberno galego.

Así, no caso dos concellos, preténdese que sigan cobrándolle á veciñanza o canon e que continúen ingresándollo á Xunta de Galicia como ata o de agora. En conclusión, os concellos, aos que se di pretender axudar, pasarían a pagar por partida dobre (vía canon cobrado á súa veciñanza e vía obras sufragadas co orzamento municipal).

A Xunta de Galicia, que careceu durante os 10 anos de Goberno de Feijoo dunha política da auga tomou por fin consciencia de que incumpre as directivas europeas e a lexislación en materia de abastecemento, depuración (incluídas as rías declaradas como zona sensible dende o ano 2.000, como a de Pontevedra) e mesmo en materia de posta en marcha dos plans de seguridade dos encoros.

A realidade é que as principais actuacións hidráulicas realizadas en Galicia nos últimos anos son obras do Goberno do Estado a través da sociedade pública *Acuaes*. E diante de tantos incumprimentos, a táctica habitual de Feijóo: botar balóns fóra e buscar culpables externos.



E tanta a descortesía institucional da Xunta de Galicia, que reviste o seu intento de crear este novo chiringuito de ataques directos a concellos concretos, citándoos expresamente. A Xunta chega a vender a xestión directa das depuradoras como un favor e finaliza a súa proclama lanzando afirmacións tan partidistas como que as deputacións non están implicadas no apoio aos concellos en materia de abastecemento, saneamento e depuración.

A Xunta elude falar de financiamento dos servizos finais á veciñanza, que é a verdadeira cuestión. A Xunta de Galicia dota con só 112 millóns de euros o Fondo de Cooperación Local cando en Galicia ternos 313 Concellos. A Xunta dedica só o 2,3% da súa recadación tributaria ao financiamento municipal.

O resultado é que cada concello recibe unha auténtica esmorga. Mentres tanto, outros 267 millóns de euros (segundo os Orzamentos de 2019) repártense vía convenios ou subvencións opacas dirixidas, preferentemente, a concellos onde goberna o PP. As diferencias de investimento autonómico por habitante entre uns concellos e outros son escandalosas.

O contraste coas deputacións provinciais gobernadas polas forzas progresistas é evidente. As Deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo puxeron a disposición do municipalismo un plan Concellos, ou plan único, que responde ao establecido na Constitución e as leis para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos. No caso de Lugo, esta Deputación dedica o 25,60% dos seus recursos a transferencias aos municipios en base, fundamentalmente, ao Plan Concellos, un instrumento de financiación integral baseado nun reparto obxectivo en función da poboación, extensión e dispersión poboacional. Fondos con importe suficiente para acometer actuacións en materia de augas nos concellos que así o consideren necesario. Non ocorre así na única deputación gobernada polo Partido Popular en Galicia, que transfire menos dun 1% aos concellos, e impídelles calquera capacidade de decisión nas obras de financiamento provincial.

A Xunta só transfire de xeito pautado o 2,3% da súa recadación tributaria aos concellos. A Deputación de Lugo transfire, obxectivamente, o 25% do seu Orzamento total aos concellos e permite a realización de todo tipo de obras en áreas de competencia municipal. Pouco máis hai que dicir.



Por tanto, esiximos á Xunta de Galicia que retire o anteproxecto de lei de creación da sociedade para a xestión do ciclo integral da auga calquera referencia ou imposición ás deputacións, na medida en que no caso de Pontevedra, A Coruña e Lugo xa están articulados os instrumentos de colaboración institucional que fan posible a realización das obras que a Xunta quere impulsar. Ou mellor dito, que a Xunta quere impulsar como propias, pero con financiamento das deputacións e dos concellos.

Diante desta situación, o Pleno da Deputación de Lugo, ACORDA:

1.- Instar á Xunta de Galicia a retirar o anteproxecto de Lei para a creación da sociedade definida como a "Sogama da auga" calquera mención á Deputación de Lugo en relación a novas imposicións de obrigas de financiamento de obras hidráulicas e/ou de saneamento. Comunicante que na actualidade esta Deputación xa está financiando directamente ás entidades municipais desta provincia para este tipo de obras a través do Plan Único.

2.- Instar á Xunta de Galicia a incrementar a dotación do Fondo de Cooperación Local ata o 5% da recadación tributaria galega e repartilo integramente en base a criterios de extensión, poboación e dispersión poboacional (coas correccións necesarias para o caso das grandes cidades). Un reparto baseado nun modelo de transferencias na liña do Plan Único da Deputación de Lugo, co obxectivo de facilitar aos 313 municipios galegos o financiamento necesario para a correcta prestación de tódolos servizos da súa competencia, incluídas os referidos ao ciclo integral da auga.

3.- Instar á Xunta de Galicia a que, complementariamente ao punto anterior, modifique o canon de saneamento para que os concellos queden cun 50% da recadación para financiar obras hidráulicas no seu territorio. O restante 50% continuaría a ser recadado pola Xunta de Galicia no marco dun fondo de solidariedade galego e sería investido en base a criterios obxectivos, pautados e avalados anualmente cos concellos.

4.- Instar á Xunta de Galicia a que respecte o principio de autonomía local das entidades locais en toda a súa labor lexislativa e nomeadamente no que atinxe á Deputación de Lugo.



Facultar á Presidencia da Corporación provincial para a adopción das medidas que sexan necesarias para establecer unha firme oposición a este anteproxecto, utilizando para iso as vías administrativas e xurisdiccionais oportunas, que poidan por fin á tramitación de este anteproxecto de lei da Xunta de Galicia.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“O Goberno da Xunta vén de presentar o Anteproxecto de Lei da Sociedade de Xestión para o Ciclo Integral da Auga, chamada coloquialmente como SOGAMA da auga. E despois de facer unha análise chegamos á conclusión de que este anteproxecto de lei pretende que os concellos financien investimentos en depuración e en saneamento, que son parte das obrigas da Xunta de Galicia.

O sentido do Anteproxecto de Lei é a evidencia de que a Xunta non foi capaz de cumprir coas súas obrigas en materia de depuración e saneamento, e quere obrigar aos concellos a financiar investimentos e competencias que non son municipais. O Goberno galego ten unha ameaza moi seria da Unión Europea de sancións por non ter as rías saneadas e depuradas; ante esta situación pretende que sexan os concellos os que financien unha parte importante desa falta de cumprimento das obrigas. Dánse casos concretos nos que o concello exerce en materia do ciclo da auga tódalas competencias que ten, e que de entrar nesta Sociedade exercería competencias que non lle corresponden, e ademáis sen ningún tipo de financiamento por exercelas.

Dánse contradicións e incongruencias; a contradición, na obriga de formar parte da sociedade mercantil, regúlase tanto o capital da empresa coma os servizos vinculados nos artigos 2 e 5; por unha banda establécese que a adhesión a esta sociedade mercantil por parte das entidades locais é voluntaria; pero por outro lado establécese que as Deputacións teñen a obriga de adherirse. Incongruencias tamén na fórmula da decisión para os concellos, porque para adherirse os concellos establécese que deben comprar accións, pero que só poden facelo addeando accións da Deputación. A Xunta de Galicia reservárase o control do 51% do accionariado da sociedade mercantil e o resto adquiriríano as Deputacións, polo que os concellos para adherirse terían que



addear accións da Deputación correspondente. O problema estriba en que se algunha Deputación non se adhire e recorre xudicialmente esa obriga, os concellos desa provincia non se poderían adherir.

As tarifas son unilaterais, con esta proposta de Anteproxeto de Lei quedaría únicamente en mans da Xunta de Galicia decidir cal é o canon; as Deputacións e os concellos terían a obriga de estar nesa sociedade pero ningún poder decisorio á hora de decidir as tarifas.

Tamén unha vez máis, e iso é marca do goberno Feijóo, a arbitrariedade no financiamento dos investimentos, xa que no artigo 10 establécense mecanismos para financiar as obras necesarias no caso de que unha explotación necesite investimentos, fixando un tercio dese investimento para Augas de Galicia, un tercio para a entidade local e outro para a Deputación, pero, como sempre hai algunha trampa, no apartado tres abre a posibilidade de cambiar ese reparto que, vendo como actúa historicamente o Goberno do Sr. Feijóo, o que fai é abrir a porta para que os gobernos máis afíns, ou que máis lle gusten ó Partido Popular, podan ter unha sobrefinanciación de Augas de Galicia, que se traduce en que os gobernos que non sexan do PP terían que poñer un tercio e os outros, a discreción da Xunta de Galicia, poderían ter máis financiación.

Tamén hai contradicións no marco competencial, a suposta adhesión voluntaria dos concellos á sociedade mercantil transfórmase na disposición adicional, a sociedade xestionará o servizo relacionado no anexo 1 previa suscripción polos concellos de accións desa sociedade, e ademáis indica que no caso de que os concellos non seguisen o procedemento previsto para a adhesión poderá procederse á reversión da explotación á entidade local correspondente. Isto implicaría a entrada obrigatoria do concello na sociedade e o compromiso de asumir un tercio dos investimentos, así como as tarifas das EDAR que son competencia da Xunta, e que de non facelo a Xunta revertiría esa instalación ao concello.

As competencias da Administración galega, a actual Lei de Augas de Galicia de 2010 establece que a depuración das augas residuais son competencia da Administración galega, como recolle tanto no preámbulo coma no artigo 32. Ademáis en virtude desa competencia a Xunta establece na propia Lei de Augas un canon para todas as obras relacionadas co ciclo da auga e a



creación dunha taxa, isto é, o coeficiente de vertedura, que funciona como mecanismo para a financiación dos gastos de explotación e investimento nas infraestruturas.

Xa na Lei de 2001 se establecía no artigo 7 que a competencia en depuración de augas residuais era da Xunta de Galicia, e foi daquela, e en virtude desa competencia, cando a Xunta comezara a reclamarlle aos concellos as EDAR. Un dos exemplos foi a EDAR de Praceres no concello de Pontevedra, que era de xestión municipal e en xullo de 2007 pasou a ser de xestión autonómica. Ou tamén da EDAR de Arcade que, ao rematar as obras, pasara a ser xestionada directamente pola Xunta de Galicia.

Por todos estes motivos que acabo de sinalar, e por algúns máis, pedimos instar á Xunta de Galicia a retirada do Anteproxecto para a creación da Sociedade da Auga. Tamén instar á Xunta de Galicia a incrementar a dotación do Fondo de Cooperación Local ata o 5% da recadación tributaria galega e repartilo íntegramente en base a criterios de extensión poboación e dispersión poblacional; isto ven ser repartir con criterios e non como acostuman os gobernos populares, vese na Xunta, vese na única Deputación en que non estamos nin o BNG nin o PSOE, onde non existe o Plan Único, porque vostedes prefiren repartir os fondos doutro xeito. E esta Lei vén rachar as competencias dos concellos, das Deputacións, e a montar un chiringuito máis para poder repartir os fondos como lle gusta ó Partido Popular, segundo sexa un goberno afín ou un goberno non afín”

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Señores Deputados do Goberno, cada vez nos sorprenden máis vostedes coas súas propostas. Agora que vén a posibilidade de facer unha Sociedade pública galega para a xestión das augas a vostedes non lles gusta; encheron cantidade de propaganda electoral falando de remunicipalización e de xestión pública de servizos, como fixo o BNG en tódolos programas electorais, e agora que vén unha sociedade a intentar salvar esas dificultades que temos os concellos, especialmente os pequenos, non lles gusta; e xa non é que non lles guste senón que encima lles chaman “chiringuitos”, ademáis dunha forma bastante pouco educada, porque entendo que o Consorcio de Bombeiros da provincia de Lugo non é un chiringuito, o Consorcio Galego de



Benestar que vostedes crearon tampouco é un chiringuito, e o Consorcio de Augas Galego tampouco debería ser un chiringuito.

Ademáis falan, tanto agora na súa intervención coma na exposición de motivos, de favoritismos, e que o diga a Deputación de Lugo, que serviu de plataforma para proxectar os candidatos do BNG e do Partido Socialista en todas estas últimas eleccións, que puxo a dedo as residencia aló onde quería en gobernos amigos, que encheu de convenios a diferentes concellos e a outros nos deixou mirando para os demais, eu creo que é un pouco de risa.

E que presuman dos criterios obxectivos e do Plan Único iso non llelo imos admitir no Partido Popular; o Plan Único, e sabeo vostede perfectamente, veu precisamente a raíz dunha petición do Partido Popular, porque vostedes repartían a dedo os fondos da Deputación; para aprobar eses Orzamentos, e neste caso diríxome ó Partido Socialista, o Partido Popular pediu criterios obxectivos de reparto, e iso é o Plan Único.

E voulle dicir os favoritismos que ten a Xunta de Galicia nos seus Orzamentos do ano 2020 para a provincia de Lugo en infraestruturas referentes ás augas. Para o inicio da EDAR de Foz, gobernado polo PSOE e BNG, 500.000 euros; para o inicio da EDAR de Burela, gobernado polo PSOE e practicamente tamén polo BNG, 250.000 euros; para a mellora da EDAR de Viveiro, gobernado polo Partido Socialista, 1.320.000, a máxima inversión que hai para o concello de Viveiro, que ademáis ten outros 100.000 euros para combater as inundacións; para o concello de Ribadeo, abastecemento de augas, este non o imos dar en euros senón en bolsas de pipas, 100.000 bolsas de pipas para o Sr. Suárez; para Alfoz 171.000 euros para xestionar a depuradora. Só dous concellos do Partido Popular teñen inversións nominativas, un deles é Castro de Rei con 550.000 euros, e outra é Cospeito con 350.000. E hai máis concellos gobernados polo Partido Popular na provincia de Lugo ca por outros Partidos, polo tanto de favoritismos e subvencións opacas dirixidas eu creo que poden falar vostedes.

E por moito que recadaramos co canon a Xunta de Galicia investiu nestes dez últimos anos mil cen millóns de euros en infraestruturas de abastecemento; non conformes con iso, é necesario seguir mellorando especialmente a xestión nos concellos medianos e pequenos, temos moitísimas dificultades para dar unha boa calidade no servizo das augas e da depuración. Esa entidade, a



Sociedade Galega pública da Xestión da Auga, vai estar participada maioritariamente pola Xunta de Galicia que vai ser a que máis aporte, e vai estar participada tamén polos concellos e pola propia Deputación de Lugo.

Como non vai estar a Deputación nesa Sociedade sabendo os problemas que teñen os concellos coa auga?, esa Sociedade vai aportar aparte de boa xestión menores custes porque vai facer unha xestión conxunta, vai poñer a disposición dos concellos técnicos especializados nese servizo, e vai mellorar moito a calidade do servizo que damos. Ademáis imos ter unhas tarifas igualitarias.

Non fagan política coa auga como fixeron cos residuos e como fan coa sanidade; non se ría, eu sei que vostede leu ben pero non o ten moi claro, seguramente porque non foi Alcalde e non sabe os problemas que ten a xestión da auga, pero o Presidente si que o sabe, hai un pacto local pola auga, están de acordo os concellos, a FEGAMP, gobernada por un Alcalde socialista, está de acordo con todo isto. Non fagamos política coa auga porque é un ben necesario, é un ben que nestas próximas épocas co problema da seca e de cambio climático vai ter que ter unha xestión moito mellor da que estamos a facer actualmente”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Certamente, señor Castiñeira, vostedes son os que nunca van deixar de sorprendernos con ese apoio incondicional ás políticas de asoballamento que vén exercendo o Goberno da Xunta de Galicia coas Deputacións e cos Concellos, e a verdade é que sorprende significadamente que faga vostede esa defensa acérrima cando ata hai dous días era Alcalde.

Mire, o anuncio que acaba de facer a Xunta de Galicia dun proxecto legislativo para a creación dunha Sociedade para a xestión do Ciclo Integral da Auga constitúe, como vén sendo habitual, un exemplo de iniciativa formulada dende arriba sen escoitar nin ós concellos nin ás deputacións. Un proxecto que se aproveita desa negativa que ten a Xunta de Galicia á hora de garantir a suficiencia financeira que os concellos necesitan para desenvolver as súas competencias, e que ademáis non respecta en ningún caso a autonomía local, e voulle aclarar porqué.



Cando fai referencia ó capital social desa sociedade de nova creación, a chamada SOGAMA da auga, o anteproxeto atribúe á Xunta de Galicia unha participación maioritaria en ningún caso inferior ó 51%, e pasa ós concellos e ás deputacións o 49% restante. Cando fala de financiamento das actuacións necesarias para prestar eses servizos, dise que as actuacións serán financiadas a partes iguais, un tercio a cargo da Comunidade Autónoma, outro a cargo da deputación correspondente, e outro a cargo do concello, e a Xunta de Galicia que se reserva o 51% da participación para o financiamento aporta só un 33%, e aproveitándose desta conxuntura salva a situación ante a Unión Europea. Esa é a realidade señor Castiñeira.

Ese deseño vulnera por unha parte o ordenamento legal, e por outra as mínimas normas de cortesía institucional. Por iso dende o Goberno da Deputación de Lugo rexeitamos ese deseño en primeiro lugar porque a Xunta pretende arrogarse a capacidade de fixar investimentos ou decidir sobre a xestión dos Orzamentos das deputacións e/ou concellos; en segundo lugar porque pretende converter as deputacións e concellos en socios minoritarios sen capacidade para decidir ó mesmo tempo que lles está fixando obrigas orzamentarias.

E ademáis, por se fora pouco, cando se fala da forma establecida para afrontar o financiamento dos investimentos nos concellos tal e como redactan ese anteproxeto abren unha porta moi ampla á discrecionalidade e a que a Administración autonómica decida pola súa conta e sen ningún tipo de control con que concellos prioriza a firma de convenios, ou a que concellos ou a que deputacións lles permite reducir a súa participación económica nos investimentos.

Na creación dese anteproxeto botamos en falta calquera tipo de análise económicas sobre o impacto da creación desta sociedade, non se definen as tarifas a cobrar, nin se alude ó impacto económico da medida no que fai referencia a familias e concellos, iso si, creo lembrar que no artigo 9 fala de garantir a sustentabilidade económica financeira da nova sociedade, e que hai da sustentabilidade económica financeira dos concellos e das familias?, diso obvian falar.

A aplicación desa norma suporía de inmediato un importante incremento sen dúbida no recibo da auga para a maioría dos galegos e galegas, e a Xunta de Galicia, coa máxima responsabilidade, debería cando menos ter en conta que actualmente só unha pequena minoría dos



concellos galegos repercuten na veciñanza o custe do saneamento das augas, e que as taxas que están pagando os veciños e veciñas pola subministración varían moito entre uns concellos e outros. O anteproxeto que presentan non ten en conta as diferenzas de tamaño dos concellos, nin a poboación, nin a orografía, e fai unha automática igualación de tarifas que propoñen e que pode xerar situacións inxustas.

Esquecen a economía dos concellos, non contemplan ningún retorno para eles, non recollen a demanda dos concellos de percibir unha porcentaxe do canon da auga cobrado pola Xunta; segundo os presupostos de Augas de Galicia a Xunta recadará no 2019 preto de cincuenta e dous millóns de euros en concepto de canon; desa cantidade só o 56% será investido en investimentos ou transferencias a outras administracións, o 44% irá destinado a gasto corrente; un reparto que, como vostedes ben saben, os concellos veñen rexeitando na FEGAMP en favor dunha reversión do 50% para as facendas locais dos concellos para realizar investimentos en abastecemento e saneamento, e que o outro 50% se destine a un fondo de solidariedade que atenda as necesidades dos concellos que non poden asumir o custe destes traballos; un reparto que acabe con esa actual discrecionalidade que utiliza a Xunta de Galicia e co que artella o seu plan de actuacións e convenios cun claro carácter electoralista.

Por todo o que lles acabo de explicar o Anteproxeto de Lei resulta fácilmente rexeitable, tanto no fondo coma nas formas; nas formas porque non buscou o diálogo cos concellos ou coas deputacións, aínda que si se permiten invadir o seu marco de competencias claramente; e no fondo porque a creación desta sociedade parece máis a prolongación dos criterios de arbitrariedade cos que actúa a Xunta que unha medida destinada a mellorar a xestión do ciclo da auga”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Señor Castiñeira, sobre a paternidade ou maternidade do Plan Único eu creo que deberían deixar xa de arrogarse xa que ningún lles cre, porque alá onde teñen maioría suficiente para aplicar criterios obxectivos de reparto de fondos non o fan, claramente a Deputación de Ourense e claramente a Xunta de Galicia; cando na Deputación de Ourense ou na Xunta, gobernados por



vostedes, utilicen esos criterios entraremos a un debate serio sobre se vostedes van ou non por esa vía, pero mentres tanto é un pouco de chiste discutir, porque só hai que ver que administracións o fan e cales non, curiosamente as que goberna o Partido Popular non e nas que non gobernan si que o fan; polo tanto se pretenden un debate serio sobre iso modifiquen as súas políticas e despois veremos.

Falabamos de chiringuito, e non tódalas sociedades son un chiringuito pero aquí co que propoñen, vostedes pídennos que teñamos confianza nun goberno que leva actuando como actúa, que o diñeiro o poñan os concellos e deputacións e darlle a maioría ó Goberno da Xunta, e que teñamos confianza en que o van facer ben; pois pola nosa parte confianza nun goberno da Xunta gobernado por Núñez Feijóo cero.

Isto parécenos unha trampa, e pasou con SOGAMA e pasa con isto, e pídennos fe e non a temos, non temos fe nisto que só ben para sacarlle competencias a deputacións e concellos e solucionar un problema no que levan dez anos sen traballar; o que ocorre é que agora veñen as ameazas de sanción da Unión Europea e puxéronse nerviosos, e fixeron unha chapuza, e como fai falta diñeiro queren sacalo dos concellos, quedan co diñeiro dos concellos do canon da auga e a maiores obrígalos a investir no que diga a Xunta e nas condicións que diga a Xunta, e vanlle dicir ós concellos o que teñen que pagar os veciños por esa xestión.

Pois a nós este plantexamento así non nos gusta; evidentemente estamos a favor de remunicipalizar pero isto non é remunicipalizar, isto é sacarlle competencias ós concellos para que teñan fe en que entreguen os cartos ó Mesías que é o Sr. Feijóo e que nolo faga ben porque os concellos e deputacións non sabemos gobernar; pois fagan propostas serias dunha xestión da auga.

Evidentemente hai moitos problemas e non os vou analizar, non vou dicir que cen mil euros para os veciños de Ribadeo son pipas. E eu non fun Alcalde pero ó mellor eses concelleiros estaban de homes de palla ó lado, pero eu fun e son concelleiro e en Sarria por exemplo temos problemas coa EDAR nos que Augas de Galicia non vai investir un euro, non fai falla ser Alcalde para coñecer eses problemas.



Por tanto presenten un proxecto serio que veña solucionar o problema, e que non saque as competencias. E non nos pidan fe nun Goberno que o único que fai é repartir os fondos a dedo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Sra. García, sabe cal vai ser o primeiro concello en apuntarse para formar parte da Sociedade Galega da Xestión da Auga?, o concello de Monforte, estou seguro señor Presidente de que vostede vai ser o primeiro en apuntarse, ata non hai moito tempo tiña vostede problemas con Aqualia, non sei se os segue a ter agora, pero cando estaba na oposición o señor Tomé dicía dun Alcalde do BNG: “el Grupo Municipal socialista de Monforte acusa al Alcalde de Monforte, el nacionalista Severino Rodríguez, de tener oscuros intereses con Aqualia, la empresa concesionaria del servicio de abastecimiento de agua en el municipio”.

Vostedes fan moita política da auga cando están na oposición, falan e éncheselles a boca co de remunicipalizar, pero cando poden facelo, coma o señor Presidente, ou moitos dos Alcaldes que aquí están, como Viveiro, ou en Ribadeo onde goberna o BNG, teñen concesións e seguen sacando a concurso o servizo. Sabe cantos servizos externos ten e non remunicipalizou por exemplo o concello de Lugo?, mais de oitenta servizos externalizados, máis de trinta millóns de euros de gasto. Claro, o PP é o que privatiza, vostedes son o exemplo de todo.

Fala mal de SOGAMA, e SOGAMA cos seus defectos é un antes e un despois do tratamento de residuos en toda Galicia. E a vostedes que lles gustaba moito ir sacar a foto ós vertedeiros que había en tódolos concellos dos que saía unha columna de fume, pois desapareceron grazas a SOGAMA, cos seus defectos e coas súas circunstancias; xa sei que agora non teñen onde ir sacar as fotos.

Fala o Partido Socialista de reparto xusto, aquí o temos, acabo de dicirillo, ese é o reparto que fixo a Xunta de Galicia para infraestruturas adicadas á auga; vostedes eran os do dedo para os convenios; a min nunca me chamaron para facer un convenio cando era Alcalde do Partido Popular, ata que chegou o Plan Único.



En canto ó diálogo, si que o houbo porque a FEGAMP que é?, a FEGAMP represéntanos a tódolos concellos, hai un Alcalde socialista presidindo a FEGAMP e está de acordo con isto; hai un pacto local pola auga; o resto das Comunidades están tomando tamén as medidas. Estamos nunha situación complexa nos tempos en que vivimos, unha situación de seca, de cambio climático, e os recursos tan importantes coma a auga hai que tratar de xestionalos ben, e xestionalos dun xeito ecuánime e xusto, con ela tódolos galegos que esteamos nese pacto imos pagar a auga por igual.

E claro que teñen que estar as Deputacións, se as Deputacións estivesen no Consorcio Galego de Benestar non ía pasar o que pasou coas residencias; pensen un pouco niso”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A verdade señor Castiñeira é que poñía vostede cara de sorprendido cando lle dicía que a Xunta de Galicia fallou nas formas, e efectivamente a Xunta de Galicia fallou nas formas porque fixo oídos xordos ó que lle dicían os concellos na FEGAMP; dialogar, aparte de estar presente na conversa, quere dicir ter capacidade para escoitar, assimilar, e mudar na toma de decisións cando llo din.

Pero vostedes parece claro que non queren facer isto, ese non é o seu camiño, porque dende logo é fácil de entender que quen se reserva o 51% da propiedade e se autoatribúe a maioría no proceso da toma de decisións pero só contribúe cun tercio dos investimentos, dende logo non está para nada preocupado por deseñar un marco de xogo racional e convinte para todos.

Un proxecto coma o que propoñen, que é un exemplo dunha iniciativa formulada dende arriba, que aproveita esa sistemática negativa que a Xunta de Galicia fai á hora de garantir a suficiencia financeira que os concellos necesitan para a prestación de servizos, que non respecta a autonomía local, que se reserva ese 51% da propiedade e polo tanto a toma de decisións, pero só aporta o 33% para os investimentos, e ademáis o reparte con absoluta discrecionalidade, e para iso o mellor exemplo é o do canon da auga; que se arroga a capacidade de fixar os investimentos ou decidir sobre a xestión dos orzamentos das deputacións e/ou dos concellos, e que pretende converter ás deputacións en socios minoritarios sen capacidade de decisión á vez que intenta



fixarllas obrigas orzamentarias, dende logo a iso nós non lle podemos chamar capacidade de diálogo. Non se está preocupando por buscar un consenso, nin se está preocupando por deseñar un marco de xogo que sexa aceptable para todos, ese non é o criterio que se está facendo dende a Xunta de Galicia.

E nese sentido vén esta proposta, e apelando ó rigor que deberan ter a maioría dos que aí sentan como Alcaldes, que logo por detrás trasladan outras cousas, porque isto sucede, e ven as necesidades reais dos seus concellos, e apelando tamén á seriedade cos veciños e veciñas, lles traíamos esta proposta para que puideran apoiala, pero vostedes prefiren inclinarse por defender os intereses de Feijóo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Nós claro que coñecemos o problema da auga, e de aí vén esta proposta, pero o problema é que o goberno da Xunta sempre fai así, ten un problema, deixao pasar, dez anos sen facer nada, e chega o momento de ter que reaccionar para evitar multas da Unión Europea e miramos para a parte máis débil que son os concellos, imos obrígalos a facer uns investimentos, pero iso si, de financiar máis ós concellos nada.

Vostede presumía de ter sido Alcalde, que o foi, e creo que sabe que o problema do financiamento local é grave; entón aquí o que propoñen é o 51% a Xunta, aportan o 30%, e deputacións e concellos a facer o que diga o goberno da Xunta; pois iso nin é unha solución para o problema nin as deputacións van tragar nin tampouco os concellos, porque non están propoñendo solucións, están propoñendo lavar a cara dun goberno incompetente, por tanto de aí esta proposta”.

A continuación intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Creo, señor Castiñeira, que vostede me ten cariño e quere que eu interveña, a verdade é que non quería intervir pero si que me gustaría facerlle un par de precisións.



Que pena que a Monforte non lle tocara esa pedrea que vostede dixo por aí, que andivo sementando por varios concellos, porque a mín non me tou nada desa pedrea, debe ser que o Sr. Feijóo ten a vista un pouco desviada e non apunta cara alí; dígalle a ver se corríxe o tiro como faciamos na mili, que cando non saía ben o tiro corríxíamolo, vostede ó mellor non o sabe pero hai aquí compañeiros seus que si, entónces a ver se corríxe un pouco o disparo e apunta ben.

E logo, nun afán provocativo cariñoso dime vostede que Monforte vai ser o primeiro en apuntarse á SOGAMA da auga, e sinto defraudalo pero vai ser que non, con esta SOGAMA, con outra SOGAMA é outra cousa; porque mire, non podo falar doutros concellos pero o meu concello paga de canon dependendo do ano entre 380 e 460 mil, esa é a media. Dende o ano 2012 levamos pagado preto de tres millóns de euros, e o retorno do pago dese canon é cero; e nós que facemos con ese canon?, pois facemos de recadadores para o señor Presidente da Xunta, para Augas de Galicia, que logo nos explica un día a Directora Xeral de Augas de Galicia que o que é o funcionamento de Augas de Galicia se paga con ese canon; é dicir que o funcionamento dese organismo en vez de pagarse con fondos dos presupostos da Xunta de Galicia, como calquera outra Dirección Xeral ou como calquera outro organismo, finánciase con ese canon.

E logo non hai un criterio de reparto mínimamente obxectivo, porque na FEGAMP, onde eu vou deixar de estar pero ata agora estaba na xunta directiva, e eu creo que vostede dixo cousas que non son exactas, alo menos eu non estiven nas reunións onde o presidente da FEGAMP dixera que amén, non, o que dixemos sempre foi que si estamos por un organismo que efectivamente, igual que pasa en Asturias, leva este tema, e que había que ter un reparto solidario de tal xeito que a metade dese canon se revirta ós concellos que o pagan para que o invistan en abastecementos e saneamentos, e o outro 50% que o xestione a Xunta de Galicia para ser solidario con aqueles concellos que teñen menor capacidade económica e que non poden facelo por si sós. Desa forma estamos de acordo, pero doutro xeito, señor Castiñeira enténdame que lle diga que vai ser que non.

Falaba vostede de Aqualia, mire eu nalgúnhas cousas non fixen nada porque non me deixaron xa que non tiña maioría, pero neste mandato que comezamos algunha cousa faremos porque cambiou a situación. Pero Aqualia no concello de Monforte contratárona vostedes, e crearon un problema que vai durar vinte e cinco anos, tal é así que nos primeiros tres anos tiña que facer unha serie de investimentos que aínda non se fixeron hoxe, e tiñan que facelas os primeiros



tres anos que vostedes estaban gobernando. Por tanto fraco favor lle fixeron vostedes ó concello de Monforte contratando á empresa Aqualia”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR A IMPLANTACIÓN DAS TÉCNICAS ROBOTIZADAS “DA VINCI” NO HOSPITAL UNIVERSITARIO LUCUS AUGUSTI.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar a implantación das técnicas robotizadas “Da Vinci” no Hospital Universitario Lucus Augusti.

A aplicación das novas tecnoloxías e da robótica son hoxe en día un dos principais campos de evolución da atención sanitaria. Dende novas aplicacións que afondan no diagnóstico precoz, ó tratamento cada vez máis personalizado do paciente, ou o seguimento a distancia, as novas tecnoloxías son cada vez máis unha ferramenta fundamental no eido da saúde.

No relativo á robótica, o seu emprego sanitario resulta imprescindible como axuda para as e os médicos e profesionais sanitarios á hora de levar a cabo cirurxías non invasivas, que resulten menos agresivas para os enfermos e enfermas. Técnicas que, xunto cuns mellores resultados, reduzan tamén o risco de complicacións posteriores, reducindo así a estancia hospitalaria e permitindo unha recuperación máis rápida.



Desgraciadamente, o desinterese polos servizos públicos, a mala xestión e a incapacidade por comprender as tendencias que marcan o futuro e a evolución da atención sanitaria marcan as liñas de actuación da Consellería de Sanidade, que mantén ós hospitais públicos galegos no furgón de cola no que se refire a incorporación de técnicas robóticas.

Un bo exemplo o temos no eido da Uroloxía, no que ningún hospital galego conta, na fecha de hoxe, cun equipo robotizado Da Vinci, a tecnoloxía de vangarda nas intervencións non invasivas relacionadas co cáncer de próstata, colo-rectal ou de cérvix, e que conta con moitas outras aplicacións no eido da cirurxía e da xinecoloxía.

No ano 2016, no marco dunhas xornadas cirúrxicas organizadas pola Sociedade Galega de Uroloxía, un robot Da Vinci foi empregado por primeira vez nun hospital público galego, o de Pontevedra. Dende entón, os profesionais da sanidade pública galega e os seus doentes, observan con asombro como a Xunta segue a estudar se lle compensa ou non adquirir un equipo que se ten convertido en referente nos tratamentos mencionados. Un equipo que reduce a dor e o risco de infección, que elimina moitas das complicacións da cirurxía tradicional e que reduce considerablemente o proceso postoperatorio. A mediados do 2018 había uns 4.600 sistemas Da Vinci instalados no mundo, 3.000 en EEUU, 800 en Europa e máis de 600 en Asia. En conxunto, España e Portugal sumaban 60 unidades, ningunha delas na sanidade pública galega.

Mentres a Xunta dubida e analiza, nestes tres anos foron moitos os hospitais públicos de Andalucía, Castilla y León, Cataluña e Madrid que incorporaron equipos Da Vinci. Só o Hospital Universitario de Bellvitge, en Barcelona, ten programadas 575 operacións co sistema Da Vinci para o ano 2020. En Galicia, coa rapidez característica da Consellería de Sanidade e a súa visión para comprender por onde vai o futuro, os galegos que queiran optar por esta técnica punteira terán que dirixirse a algún dos centros privados de A Coruña ou Vigo que xa contan con eles.

Os veciños e veciñas de Lugo, sabedores do desleixo co que o Sergas vén tratando ó noso Hospital Universitario, foron dos primeiros en reclamar esta tecnoloxía. Xa dende 2017 diferentes asociacións, como a Plataforma en Defensa da Sanidade e a Federación de Asociacións de Veciños da Provincia de Lugo, veñen solicitando o estudo e implantación desta técnica na nosa provincia.



Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista quere facer súa esta demanda dos veciños e veciñas da provincia, e reiterar o seu compromiso cunha sanidade pública, de calidade e capaz de incorporar e universalizar as mellores e máis modernas técnicas sanitarias. Por iso, sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo inste á Consellería de Sanidade e á Xunta de Galicia a:

- Adquirir un equipo robótico Da Vinci para o HULA, así como desenvolver os programas de formación necesarios que permitan ós e ás profesionais sanitarias formarse no menor tempo posible no seu uso.
- Poñer en marcha accións concretas para incorporar o sistema Da Vinci ó conxunto da rede hospitalaria pública galega, así como o deseño dun plan para mellorar a incorporación das tecnoloxías de vangarda no conxunto dos hospitais públicos galegos”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do Partido Popular preséntase unha emenda de engádega, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial do Partido Popular propón engadir á proposta de acordo formulada, un novo punto, número 1 co seguinte texto:

1º.- O Pleno da Deputación de Lugo insta ao Goberno do Estado a que abone de xeito inmediato a totalidade dos fondos que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia en cumprimento do sistema de financiamento autonómico e que aínda retén, ao obxecto de poder destinar parte destes recursos á mellora das dotacións tecnolóxicas dos hospitais públicos galegos, sempre que os servizos técnicos sanitarios os consideren axeitados”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Para esta primeira intervención centrareime no corpo expositivo da moción, no que reflexionamos sobre diferentes aspectos, e un deles é que a aplicación das novas tecnoloxías e da



robótica son hoxe en día un dos principais campos de evolución da atención sanitaria, algo que a ninguén lle pasa inadvertido. E dende novas aplicacións que afondan no diagnóstico precoz ata o tratamento cada vez máis personalizado dos doentes, ou mesmo o seguimento a distancia, as novas tecnoloxías son cada vez máis unha ferramenta fundamental no eido da saúde.

No que fai referencia á robótica, o seu emprego sanitario resulta xa imprescindible como axuda para as e os médicos e profesionais sanitarios á hora de levar a cabo cirurxías non invasivas, que resulten menos agresivas para os enfermos e enfermas. Técnicas que, xunto cuns mellores resultados, reduzan tamén o risco de complicacións posteriores, reducindo así a estancia hospitalaria e permitindo unha mellor e máis rápida recuperación.

Desgraciadamente a situación coa que nos atopamos, cun desinterese polos servizos públicos, a mala xestión e tamén cunha incapacidade por comprender cales son as tendencias que marcan o futuro e a evolución da atención sanitaria, e que son en definitiva as que están marcando as liñas de actuación da Consellería de Sanidade, que o que fai é manter os hospitais públicos galegos no furgón de cola no que se refire a incorporación de técnicas robóticas.

Un bo exemplo disto témolo no eido da Uroloxía, no que ningún hospital galego conta, a data de hoxe, cun equipo robotizado Da Vinci, unha tecnoloxía de vangarda nas intervencións non invasivas relacionadas co cancro de próstata, colo-rectal ou de cérvix, e que conta con moitas outras aplicacións no eido da cirurxía e da xinecoloxía.

No ano 2016, hai xa case catro anos, e no marco dunhas xornadas cirúrxicas que organizaba a Sociedade Galega de Uroloxía, un robot Da Vinci foi empregado por primeira vez nun hospital público galego, o de Pontevedra. Dende entón, os profesionais da sanidade pública galega e os seus doentes, observan con asombro como a Xunta segue estudando se lle compensa ou non adquirir un equipo que se ten convertido en referente nos tratamentos que antes mencionei. Un equipo que reduce a dor e o risco de infección, que elimina moitas das complicacións da cirurxía tradicional e que reduce considerablemente o proceso postoperatorio. Hai datos que indican que a mediados do 2018 había xa 4.600 sistemas Da Vinci instalados no mundo, 3.000 en EEUU, 800 en Europa e máis de 600 en Asia. En conxunto, España e Portugal sumaban 60 unidades, e ningún deles estaba na nosa Comunidade Autónoma, na nosa sanidade.



Mientras tanto a Xunta o que fai é dubidar, analizar, nestes tres anos foron moitos os hospitais públicos de Andalucía, Castilla y León, Cataluña e Madrid que incorporaron equipos con estas técnicas. Só o Hospital Universitario de Bellvitge, en Barcelona, ten programadas 575 operacións co sistema Da Vinci para o ano 2020. En Galicia, coa rapidez característica da Consellería de Sanidade e coa súa visión para comprender por onde vai o futuro, os galegos que queiran optar por esta técnica punteira terán que desprazarse, se teñen recursos suficientes para pagalo, a algún dos dous centros privados que xa contan con estes medios na nosa Comunidade Autónoma, un ubicado na Coruña e o outro en Vigo.

Os veciños e veciñas de Lugo, que son coñecedores do abandono ó que o Sergas ten sometida á nosa provincia e polo tanto ós nosos recursos sanitarios e ó Hospital Universitario, foron dos primeiros en reclamar esta tecnoloxía, dende o ano 2017 diferentes asociacións e colectivos, como a Plataforma en Defensa da Sanidade e a Federación de Asociacións de Veciños da Provincia de Lugo, veñen solicitando o estudo e implantación desta técnica na nosa provincia.

Por este motivo, porque é unha necesidade para todos, porque garante as intervencións e porque diminúe os riscos e mellora a recuperación dos pacientes, e porque hoxe en día a economía non sería unha limitación para a Consellería para poder adquirir algún destes equipos, e nós non dicimos que teña que habelos en tódolos hospitais pero si alo menos nos hospitais de referencia. Por iso pretendemos que dende a Xunta de Galicia, co apoio desta moción, se adquira un equipo robótico Da Vinci para o HULA, así como desenvolver os programas de formación necesarios que permitan que os profesionais sanitarias se podan formar no menor tempo posible no seu uso. E que se poñan en marcha accións concretas para incorporar o sistema Da Vinci ó conxunto da rede hospitalaria pública galega, así como o deseño dun plan para mellorar a incorporación das tecnoloxías de vangarda no conxunto dos hospitais públicos galegos; pero que se teñan en todo caso e cando menos en conta os hospitais de referencia”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:



“Nós evidentemente imos votar a favor desta moción, é unha demanda máis de que a sanidade galega, nomeadamente a de Lugo, siga na vangarda que, por desgraza, estivemos na vangarda e foi sempre unha sanidade punteira a galega e a de Lugo, pero con estes dez anos de goberno de Feijóo vemos que cada vez imos perdendo puntos na calidade e na modernidade desta sanidade. Vostedes rin e failles gracia pero saben que é certo, rin da sanidade galega, e isto é coma cando non tiña importancia ter hemodinámica 24 horas, estas cousas que sempre chegan tarde a Lugo. Nós evidentemente estamos a favor, vostedes poñense nerviosos cada vez que se fala de sanidade, por algo será.

E non moito máis que engadir, póñanse do lado da sanidade pública, póñanse do lado da sanidade de calidade, e póñanse do lado da modernidade na sanidade. Son demandas que fan asociacións e médicos que están máis que xustificadas, inversións máis que medidas para os beneficios que soporta. Por tanto póñanse do lado da sanidade pública de calidade, e que non se convertan todo este tipo de casos nunha hemodinámica que chega tarde, mal e arrastro, e por unha presión popular; e póñanse a traballar para que os galegos e lucenses teñamos unha sanidade pública de calidade e cos máximos avances, porque temos moi bos profesionais, e non deixen que íamos de primeiros e durante estes dez anos imos no pelotón de cola, póñanse a pedalear para que volvamos estar tirando da carreira”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Taboada Camoira, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Presentouse unha emenda que se lles fixo chegar ós diferentes Grupos, unha proposta ó acordo número un, co texto que paso a ler textualmente: “O Pleno da Deputación de Lugo insta ó Goberno do Estado a que aboe de xeito inmediato a totalidade dos fondos que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento do sistema de financiamento autonómico, e que aínda retén, para o obxecto de poder destinar parte destes recursos á mellora das dotacións tecnolóxicas dos hospitais públicos galegos, sempre que os servizos técnicos sanitarios os consideren axeitados”.

Porque a implantación deste novo servizo das técnicas robotizadas Da Vinci teñen un custe importante, os diferentes equipos médicos das distintas Comunidades Autónomas están avaliados,



si é certo que está instalado en moitas delas, pero tamén é certo que hai moitas delas que non o teñen, casualmente nalgunhas onde vostedes gobernan, como Aragón, Extremadura, Castilla La Mancha, Asturias, Baleares, ou en Canarias, aínda non teñen ningún robot instalado a día de hoxe.

En canto á vangarda, oín dicir nalgunha intervención que estiveramos un tempo na vangarda da sanidade pública galega, eu a verdade e que ese capítulo creo que o perdín, na vangarda da sanidade pública galega estamos durante estes últimos dez anos unha vez que se construíu o Hospital Universitario Lucus Augusti; quero recordar que noutros tempos, incluso esta Deputación tiña que contribuir daquela ó sostenimento dos hospitais provinciais para dalgunha forma paliar as deficiencias que tiña a sanidade pública na provincia de Lugo. Polo tanto descoñezo esa vangarda, pero si lle podó dicir que na vangarda estamos agora.

As inversións en sanidade na provincia de Lugo por parte da Xunta de Galicia foron importantes durante os últimos anos en diferentes técnicas, porque se pasou dunha cirurxía aberta tradicional realizada a través de grandes e dificultosas incisións, para progresivamente ser substituída pola laparoscopia que todos coñecemos, que ten sido considerada como o paradigma da técnica máis avanzada.

A aplicación das novas técnicas de cirurxía de laparoscopia supoñen un avance nas técnicas de cirurxía actuais, durante os últimos anos a Consellería de Sanidade fixo unha aposta pola laparoscopia como técnica para a realización da cirurxía abdominal nos centros hospitalarios do sistema sanitario público de Galicia, para o que levou a cabo un importante esforzo de medios e formación, porque cómpre recordar que para ter medios necesítase dotación económica e de aí a proposta que lle presentamos, porque ó final con ese diñeiro pódense facer inversións non só en sanidade senón noutras necesidades que tamén vostedes ben coñecen.

Falamos tamén da formación dos médicos e dos cirurxiáns; teño aquí un apunte que sinala que só existen agora mesmo no noso país 56 cirurxiáns cunha verdadeira especialización nesta técnica; e tamén cómpre recordar que esta técnica coñecida como Da Vinci durante os últimos anos tivo diferentes variantes e modelos, recordo o primeiro modelo que era o chamado standar, logo veu o “S”, logo o “Si”, despois o “Xi”, e en abril do ano 2017 apareceu o último que é o “X”; É curioso que un par de meses despois se homologou este último modelo para Europa, antes



difficilmente se podería ter utilizado, a primeira actuación experimental que se tivo foi no hospital San Rafael de Madrid, e foi en xullo do ano 2017.

Falamos por tanto dunha técnica relativamente nova, e que non vai ser o Grupo Popular Provincial o que non vexa as necesidades de mellora, e que teña unha visión positiva de todas aquelas melloras que se podan realizar na sanidade, sobre todo na nosa provincia, pero non podemos esquecer tódalas melloras que no HULA se realizaron nos últimos tempos no servizo de Uroloxía, porque o 66% da utilización deste sistema Da Vinci é nos servizos de Uroloxía fundamentalmente; pasouse nos últimos anos de ter oito urólogos no ano 2014 a dez urólogos na actualidade no Servizo, pero o máis importante foi o relevo xeneracional que houbo nos diferentes profesionais que prestaban servizos; aumentáronse nos últimos anos as prestacións do servizo e incluíronse novas prestacións que ata este momento tiñan que ir fóra, por exemplo a endouroloxía.

Pero sobre todo hai que destacar que toda a cirurxía urolóxica que se facía de maneira aberta estase a facer por vía da laparoscopia, redundando nunha menor morbilidadade para o paciente, menos estancias, e maiores resultados; e tamén se empezou a traballar conxuntamente con outros Servizos para unha abordaxe multidisciplinar da patoloxía tumoral creando un comité de tumores urolóxicos cunha sesión semanal, onde conxuntamente con outras especialidades planifícase o tratamento que vai recibir cada paciente.

Por tanto non discutimos a necesidade, ou a mellora, porque canto mellores recursos teñamos mellor sanidade imos ter, requirimos tamén o seu apoio para que teñamos os fondos necesarios que agora mesmo se lle están detraendo á Comunidade Autónoma galega, para acometer estas inversións, non só na provincia de Lugo senón tamén nas outras provincias galegas”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“O Partido Popular cóntanos os avances en técnicas sanitarias coma se foran a novidade, e a verdade é que todo iso é a obriga que temos, avanzar en materia sanitaria e facelo na mellor medida dentro do posible.



Vostedes fan alusión a esta emenda que eu creo que é mezclar auga e aceite, son dúas cousas que non teñen moito que ver; contemplárono vostedes nos orzamentos da Xunta?, eu creo que non, e non é que non o contemplaran nesta anualidade, estamos falando de que o primeiro robot Da Vinci se implantou en Galicia aló polo 2016, dende aí pasaron catro anos ata o 2020, e a día de hoxe segue sen preocuparlles a vostedes.

Eu tamén entendo que a postura non é fácil, porque non é doado chegar a este Pleno e manifestarse co voto e facelo públicamente, cando vostedes veñen aquí facer esa defensa tan acérrima dos intereses do Partido Popular na Xunta de Galicia, e como mellor defensa pretenden utilizar o ataque, e iso son excusas, porque como lle dicía no 2016 probouse o primeiro robot Da Vinci no hospital de Pontevedra, son tres anos dos que a Xunta de Galicia leva dispoñendo para avaliar se é interesante ou non esta técnica sanitaria, e o Sergas ata o día de hoxe mantense na indecisión, e non pode dicir que ten feita unha avaliación e que non lle parece necesario; o que se agocha detrás de todo isto é unha falta de interese ou, o que sería peor, unha falta de xestión, de incapacidade para xestionar este tipo de investimentos en materia sanitaria.

A Xunta de Galicia, o Sergas neste caso, antepón o custe económico á mellora na atención dos pacientes; e ademáis a maiores está favorecendo a eses dous centros privados que o teñen implantado, porque as persoas con recursos poden acudir a eles e pagarse a aplicación destas técnicas cando teñen que ser intervidos; e pola contra, outros ó mellor non podemos ou non poden facelo.

Nós o que pretendemos é facilitar unha saída para estas demandas, creo que a día de hoxe a inversión que supón a implantación de calquera destes aparatos robóticos non excede en todo caso dos dous millóns de euros, ata onde temos entendido os fabricantes están decididos e teñen a implicación suficiente para financiarlos mediante unha vía de leasing, polo tanto cremos que todo o que aquí se presenta son excusas de mal pagador, e en todo caso a Consellería debería tomar medidas, tomar cartas no asunto, e poñer nos hospitais de referencia estas técnicas robóticas a disposición dos hospitais, dos doentes, e en todo caso mellorar a nosa sanidade que para iso pagamos tódolos galegos e galegas”.



Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Sr. Taboada, ou lle entendín mal ou, segundo vostede, o gran mérito do Partido Popular na sanidade é que non temos a sanidade de hai corenta anos; porque viña dicindo que fixeron hospitais e que hai técnicas novas, e iso suponse, non creo que iso sexa para colgarse unha medalla, porque mal estaríamos; por desgraza para este país gobernaron moito máis ca dez anos a Xunta de Galicia, non fai falla que faga xestos que sei moi ben do que falo; a mín pareceríame ben que a votaran a favor.

Fala da formación, eu non son experto en sanidade e moito menos nestes detalles, pero entendo que os profesionais se forman cando teñen a disposición as técnicas e non antes, porque tampouco tería moito sentido que formemos os nosos cirurxiáns nunha técnica que non se sabe se se vai implantar ou non na sanidade galega; e imaxino que o da formación irá por aí, a verdade é que non o sei porque non son experto niso pero a lóxica di que deben ir os tiros por aí.

En canto á emenda é evidente que non ten moito que ver con isto, pero niso estamos de acordo, e na Xunta de Galicia estivemos de acordo; é máis, a postura do BNG sobre que o Estado lle entregue á Xunta de Galicia os cartos foi incluso máis alá da do Presidente Feijóo porque incluso o animamos a ir ó xulgado; por tanto nesa reclamación estamos xuntos, pero mezclala nisto non sei se ten sentido. A nós valeríanos a emenda, pero se non se acepta imos votar a favor en todo caso.

E como lle dicía, non se queden atrás, e non poñan escusas; presumían de modernizar pero a medias, fan o hospital pero despois resulta que durante un montón de anos os lucenses se nos dá un infarto tiñamos máis posibilidades de morrer que se foramos da Coruña; son esas cousas que fan que se poñan colorados por iso se poñen nerviosos cada vez que vén algo de sanidade, porque construímos un hospital pero non o dotamos; e se en corenta anos o mérito é laparoscopia e un novo hospital pódense dar por satisfeitos, pero nós esiximos unha sanidade de máis calidade e que vaia modernizándose para os lucenses e para os galegos e galegas. Se vostedes se conforman simplemente na modernización do tempo con que se se queda anticuada unha instalación construíla, así temos o que temos”.



A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Taboada Camoira, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“En canto ó de mal pagadores, aquí o único mal pagador sabemos todos cal é, nós intentabamos que vostedes o recoñeceran pero non o queren facer así, o único mal pagador é quen non paga o diñeiro que se lle debe a tódolos galegos, non ó PP; co cal todas estas técnicas das que estamos falando poderían ser acometidas en breve.

Falamos tamén de que hai un mes, para ver a sensibilidade da Xunta de Galicia con esta técnica, en Monforte de Lemos, do cal imaxino que o Sr. Presidente tería coñecemento, houbo unhas xornadas no hospital comarcal, as vixésimo segundas xornadas cirúrxicas da Sociedade Galega de Uroloxía, onde, coa tutela de diferentes profesionais e coa presenza do Conselleiro de Sanidade, se fixo e se estrou por primeira vez na provincia de Lugo o robot cirúrxico Da Vinci, sendo as intervencións relacionadas co aparato urinario; entonces para nada se é alleo a esta técnica, e dende a Xunta de Galicia inténtase acercar as innovacións tecnolóxicas ós cidadáns.

E precisamente nestas xornadas, e dentro das súas conclusións finais, tamén se avanzou que o Sergas está en negociacións co fabricante para instalar esta eficaz plataforma robótica nos diferentes hospitais galegos, ó mellor se houbera esa financiación necesaria para poder acometelo, e non sei porque dá vergoña recoñecer que nos deben ese diñeiro, eu creo que é algo que é de todos, pois podíanse acometer todo ese tipo de inversións e hoxe non estariamos falando desta necesidade senón dun feito probablemente”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Volvendo á emenda, anunciámoslle ó Grupo Popular que non a imos aceptar porque non ten nada que ver con esta moción, só é un xeito torticeiro de intentar desviar a atención, e aínda que tal e como vostede manifesta esta técnica é relativamente novidosa e leva pouco tempo implantada, eu creo que iso non quere dicir que os galegos e galegas teñamos que ser os últimos en recibila, creo que niso estamos todos de acordo; se é cara depende con que ollos se mire e a que criterios se



atenda; en todo caso, como acaba de dicir, as empresas finánciana, polo tanto eu creo que dende a Xunta de Galicia se podería facer o esforzo para que contaramos cunha técnica robótica destas condicións, alo menos unha nun hospital de referencia na nosa provincia; e as empresas finánciana como tamén financiaron o hospital de Vigo e non pasou nada, a Xunta de Galicia puido acometer o gasto.

Por iso, e sen darlle máis voltas a este asunto, nos remitimos ós puntos de acordo da moción, e agardamos que teñan o apoio de tódolos Deputados deste Pleno”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR A PRÓRROGA DAS AXUDAS AGROAMBIENTAIS, DO CLIMA E AGRICULTURA ECOLÓXICA ÁS EXPLOTACIONES GANDEIRAS

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar a prórroga das axudas agroambientales do clima e agricultura ecolóxica ás explotacións gandeiras.

Resulta case innecesario expoñer a importancia da actividade gandeira na economía, na historia, no xeito de organizar o territorio, as costumes en Galicia e, moi especialmente, na provincia de Lugo. Abonda con lembrar algunha cifra. A Terra Chá produce ó ano 300 millóns de litros de leite; na nosa provincia atópanse 20 dos 25 concellos con máis ganado bovino de Galicia,



e só entre Vilalba, Friol e A Fonsagrada suman preto de 20.000 cabezas. A agricultura e a gandería ocupan ó 13% dos traballadores lucenses, segundo datos do INE e o sector primario aporta na nosa provincia o 10% do PIB.

Xunto cos datos económicos, cómpre tamén recordar, nun momento en que volve a estar de actualidade o debate en torno á despoboación das zonas agrarias, que a actividade agrícola e gandeira resulta fundamental á hora de fixar e manter poboación no rural. A modernización do agro, a aplicación das novas tecnoloxías ás explotacións, convértense tamén nun polo de atracción para a xuventude, que pode ver no sector primario un medio de futuro no que desenvolver o seu proxecto profesional e vital.

Lamentablemente, o agro galego non recibe da Xunta de Galicia a xestión áxil e o respaldo sen fisuras que lle corresponde para seguir avanzando no seu desenvolvemento. Unha cifra exemplifica ben esta situación. Dos 1.177 millóns de euros que ten adxudicados o Plan de Desenvolvemento Rural, a Consellería de Medio Rural so ten executado arredor dun 38%, menos da metade.

A mala xestión da Xunta acentúa para o agro galego as consecuencias do atraso na aprobación da nova Política Agraria Común (PAC) por parte da UE. Esta circunstancia afecta dun xeito especial ás granxas de leite e carne situadas nas zonas de montaña de Lugo e Ourense e que se explotan en réxime intensivo. Granxas que ademais apostan polo respecto ó medio ambiente e a preservación das razas autóctonas.

Dende a Consellería de Medio Rural anuncióuselles ós responsables da devanditas explotacións o fin das axudas agroambientais, do clima e da agricultura ecolóxica. Cunha data estimada de entrada en vigor dos orzamentos da nova PAC para 2024, as axudas non se percibirían ata o 2025. Dito dun xeito sinxelo, entre 2020 e 2025, explotacións situadas en terreos máis dificultosos e con menores marxes de rendibilidade, deixarían de percibir axudas fundamentais para a súa supervivencia. Mentres, a ineficacia habitual da Xunta, mantén inmovilizados millóns de euros que, paradóxicamente, están ó servizo do desenvolvemento rural.



Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista reitera o seu compromiso coas políticas de desenvolvemento da actividade agraria e gandeira e somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo inste á Consellería de Medio Rural a:

- Mellorar a xestión orzamentaria do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR), que ten actualmente preto de 700 millóns sen executar.
- Destinar parte destes fondos a prorrogar as axudas agroambientais, do clima e de agricultura ecolóxica que reciben as granxas galegas, nomeadamente, ás granxas de montaña con réxime de explotación extensiva das zonas afectadas. E garantir deste xeito que as explotacións sigan percibindo estas axudas entremetres non entra en vigor a nova PAC”.

Intervén o Sr. Deputado D. Roberto Fernández Rico, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A importancia da actividade gandeira e da agricultura na economía da nosa provincia é evidente. A agricultura e a gandeiría ocupan o 13% dos traballadores lucenses, e o sector primario aporta na provincia de Lugo o 10% do Produto Interior Bruto.

Somos a provincia que máis explotacións ten de Galicia, preto de 13.000; parece evidente, para quen queira entendela, que a maiores da aportación económica á nosa provincia a actividade gandeira é vital para loitar contra o despoboamento, o abandono de terras ou a prevención de incendios.

Pero despois desta evidencia, e analizando os datos, cabe concluir que a situación do rural galego, e especificamente da gandeiría e agricultura, é alarmante; o número de explotacións segue descendendo constantemente, e non hai esa continuidade xeracional que mostre un futuro no que a xuventude poda desenvolver o seu proxecto profesional e vital.



Seguro que hai quen non se explica esta situación, pero é ben fácil de entender, estes son os resultados de máis dunha década de castigo ó rural galego con políticas que oprimen e abandonan ós produtores; hai xa tempo que sabemos que a negociación da nova PAC europea se vai atrasar, sábeno os compañeiros do Parlamento Europeo, os medios de comunicación, as organizacións agrarias, aparentemente sabémolo todos, agás a Xunta de Galicia e a Consellería de Medio Rural que mantén ós gandeiros galegos, especialmente ós das zonas de montaña, na inqueda de ver como poden desaparecer durante varios anos as axudas agroambientais do clima e a agricultura ecolóxica.

Unhas axudas que son fundamentais, sobre todo para as explotacións extensivas, para os que apostan pola produción ecolóxica, para os que manteñen a actividade económica en zonas de montaña máis sensibles á despoboación; despois de anunciar dende a Xunta ós responsables das explotacións o fin destas axudas dan vostedes un paso atrás pensando no ano 2020, pero o problema continúa despois deste ano; mentres tanto a Xunta amósase como tantas veces lonxana, afastada da realidade de galegos e galegas, pensando únicamente dende o electoralismo.

De que xestión pode presumir quen ten inmovilizados preto de 700 millóns dos 1.177 millóns do Plan de Desenvolvemento Rural do período 2015-2020?. Qué administración considera como modelo de eficiencia ter inmovilizados os recursos públicos?; unha granxa non pode funcionar ou parar co ritmo lento e canso co que resolve os expedientes administrativos a Xunta.

Señores do Partido Popular, o agro galego non pode funcionar coa lentitude que vostedes lle queren impoñer, un gandeiro non pode traballar pensando se dentro de dous ou tres anos lle van dar unha axuda ou non, cando esas axudas se estableceron para estabilizar os prezos dos alimentos nun proceso de regulación de mercados. As axudas non se estableceron porque si, nin para enriquecer ós produtores, establécense sendo conscientes de que o prezo do produto non cubre os custes de produción e as marxes que debe ter calquera gandeiro ou agricultor.

Mentres Europa debate, vostedes quedan parados, cando debería ser xusto o contrario, neses momentos de redefinición de estratexias futuras actuar debe ser a saída para garantir a boa marcha da economía no setor primario. Esqueceron vostedes que a boa política consiste en resolver os problemas da xente, non en crearlle problemas innecesarios, escoitándoos parece que os



gandeiros e agricultores vivimos das axudas e non do traballo, que pouco coñecen vostedes a situación!, e que pouco coñecen os principios polos que se atribuíron as axudas da PAC. A súa actitude prexudica a miles de familias galegas responsables de explotacións gandeiras, e a súa actuación é tamén profundamente antieuropea. A postura de trasladar ós cidadáns os efectos dos atrasos en lugar de atenualos, botarlle a culpa a Europa cando hai mecanismos para resolver a situación non é precisamente unha axuda a prol do europeísmo. A inacción da Xunta roza o patolóxico.

Estes días o Presidente da Xunta sacaba peito nos medios de comunicación falando da aprobación dos Presupostos como exemplo de estabilidade, non hai estabilidade señores do PP, hai parálise, a parálise da súa incapacidade de execución; non vale de nada aprobar presupostos se non se chegan a executar, non vale de nada prometer e incluso incorporar partidas nuns orzamentos se estes quedan sen executar.

Eu estou certo de que en poucos meses os galegos e galegas lle outorgarán a responsabilidade de xestionar os fondos públicos a quen teña ideas, a quen teña iniciativas e propostas, pero mentres deixen de converterse no factor que agrava e que acentúa os problemas do agro galego, e póñanse a traballar, poñan a funcionar os 700 millóns pendentes de executar do Plan de Desenvolvemento Rural e adiquen unha parte a garantir a prórroga das axudas agroambientais, do clima e agricultura ecolóxica.

Cunha data estimada da entrada en vigor dos orzamentos da nova PAC para o ano 2024 as axudas non se percibirían ata o ano 2025; falando claro, entre o 2020 e o 2025 as explotacións situadas en terreos máis dificultosos e con menores marxes de rendibilidade deixarían de percibir axudas fundamentais para a súa supervivencia; e todos sabemos que a explotación que pecha non volve abrir, e sabemos tamén que os custes para a posta en marcha dunha explotación son moito maiores có custe das axudas que posibiliten a continuidade dunha que xa estea en funcionamento”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Pardo Lombao, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:



“É incribe a postura do Partido Socialista, porque aquí cando fala da Unión Europea e da Xunta de Galicia parece como se entre a Unión Europea e a Xunta de Galicia non houbera nada, pois entre a Unión Europea e a Xunta de Galicia debería haber un Goberno Central que é o que realmente discute a PAC en Europa, que é o que vostedes nos din, que alo menos ata o 2024 non vai haber nada, debe ser que xa teñen esa información; pois eu creo que o Goberno de España debería preocuparse de que non se interrompera a PAC a partires do 2020 ata o 2024, debería buscar solucións e debería discutir en Europa eses temas porque realmente é a súa responsabilidade.

E eu quérolle dicir algo con respecto ó que fan aquí referencia a dúas cousas; á mellora da xestión do orzamento, pois o orzamento da Xunta de Galicia en execución está por diante da maioría das Comunidades Autónomas, sobre todo das máis importantes; e deberían saber, aínda que creo que o saberán, que a execución do PDR o lóxico é que se alongue coma dous anos ou máis de cando remata a PAC porque elaborar e executar os proxectos leva tempo; e eu pódolle garantir que a Xunta de Galicia executará os 700 millóns do PDR, e podemoslle garantir que as axudas ás agroambientais se van prorrogar, porque iso ademáis xa está enfocado, acordado, e pedido á Unión Europea.

Entonces todas esas políticas das que vostedes falan realmente non son verdade, quen prexudicou realmente ó campo galego e español foron as políticas que desenvolveu o Partido Socialista cada vez que negociou en Europa, empezando por cando entramos na Unión Europea porque entramos nunhas condicións absolutamente impresentables, con produccions moi por debaixo da realidade; e cada vez que goberna o Partido Socialista evidentemente os gandeiros están preocupados, sobre todo se hai que negociar a PAC, porque as negociacións en Europa polo que vexo, e polo que vostedes xa nos están anunciando, alo menos imos estar tres ou catro anos sen PAC.

Por tanto a min paréceme que esa si que é unha obriga do Goberno Central, e non da Xunta, porque a Xunta ten que repartir e xestionar eses fondos, e estao facendo dunha maneira correcta, agora mesmo me parece que está executado entorno ó 45% do PDR fronte a Comunidades como Andalucía co 27,45%, Extremadura co 37%, e Castilla La Mancha co 39%. Estamos a falar



de Comunidades similares con PDRs parecidos, e evidentemente a Comunidade Autónoma de Galicia está por diante en execución de todas esas Comunidades.

Entonces lóxicamente quen creo que están creado alarma son vostedes, pero non só están creando alarma senón que non están xestionando, que ese é o gran problema, porque iso é o que nos preocupa e o que preocupa á xente do campo de Galicia e supoño que de toda España, que haxa unha negociación en Europa sería, que se defendan realmente os intereses dos agricultores e dos gandeiros españois, porque diso si que vai derivar entre outras cousas o que falamos da España baleira, onde realmente con este goberno nin neste tema nin noutros se está xestionando nin facendo nada, porque do único que se están preocupando é da posibilidade de que se o Sr. Pedro Sánchez vai ser Presidente do Goberno ou non, levamos case dous anos nesa disxuntiva e estamos onde empezamos.

Polo tanto eu diríalle que tivera en conta estas cousas, que teña en conta que se van xestionar os 700 millóns en tempo e forma, que se van prorrogar as axudas agroambientais, e como este é o motivo parece ser da súa moción, eu lles pediría que a retiraran”

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Esta é unha moción na que o BNG comparte unha parte do argumento exposto, iso é evidente, pero tamén entendemos que non está de todo actualizada nin completa. Fálase dun 38% de execución, e é verdade que o último dato dado pola autoridade de xestión di que está nun 45%, e non se inclúe na moción a proposta da cuarta modificación realizada polo comité de seguimento e que foi valorada creo que o pasado 13 de novembro nunha reunión extraordinaria. Nela si que aparece a dotación orzamentaria para estas dúas medidas para o ano 2020.

De tódolos xeitos entendemos que na proposta presentada polo Grupo Socialista se busca que a Xunta prorrogue estas axudas durante todo o período de transición ata a nova PAC 2021-2027, previsiblemente entrará en vigor no ano 2024, co que xa anunciamos que imos votar a favor porque nos parece unha boa opción.



Aínda non sendo datos de todo actualizados a realidade é que a día de hoxe temos o 55% do Programa de Desenvolvemento Rural sen executar, e isto quere dicir nin máis nin menos que arredor de 650 millóns que tiñan que estar destinados a desenvolvemento rural seguen sen estar comprometidos. Este feito dende o Bloque Nacionalista Galego preocúpanos moito porque temos aí o antecedente do anterior programa, o programa 2007.2013, no que a Xunta tivo que devolver case que 57 millóns de euros porque, por incapacidade ou por desleixo, non foi capaz de executalos. Insisto en que isto nos preocupa moito porque vistos estes feitos parece que imos no camiño para que se volte a producir.

Dito isto, as axudas ás que se fai referencia na moción, a medida dez de agroambiente e clima e a medida once de agricultura ecolóxica teñen unha importancia evidente para o setor galego; son axudas que promoven a obtención de produtos de calidade, que buscan a fixación da poboación no rural, sobre todo en zonas de montaña, zonas desfavorecidas, e que buscan tamén producións respectuosas co medio ambiente.

Estas axudas, coma outras moitas que aparecen no Programa de Desenvolvemento Rural, teñen un funcionamento semellante. A Administración, neste caso a Consellería de Medio Rural, publica unha Orde e o gandeiro e gandeira solicita, hai unha resolución de axuda e faise un pagamento a cambio dunhas determinadas actuacións que se teñen que manter cinco anos, ese é un imperativo que pon a norma e aparece no Programa de Desenvolvemento Rural, é unha obriga para a Xunta de Galicia manter estas axudas durante cinco anos.

Explicado isto, a primeira convocatoria da medida dez foi no ano 2015, houbo unha segunda convocatoria no ano 2016, co que se atendemos ós cinco anos de compromiso a Xunta tería a obriga de manter estes pagos ata o ano 2020, No caso da medida once da agricultura ecolóxica a primeira convocatoria foi no ano 2017, co que se sumamos os cinco anos de compromiso veremos que estas axudas terían que estar garantidas para as gandeiras e gandeiros que as solicitaron ata o ano 2021.

Que atopamos na realidade?, que chegado o ano 2019 a Xunta di que non vai asumir estes compromisos adquiridos, e só despois de que varias entidades e asociacións de gandeiros protestaran desta situación se consegue unha rectificación. Aínda así o que se está facendo por



parte da Xunta agora mesmo é vender algo coma unha prórroga cando en realidade é un compromiso, é unha obriga que xa tiña adquirida con estas explotacións e que nalgún caso terían que ser ata o ano 2021, e tiña que afrontar si ou si.

A percepción que temos dende o BNG non é só que a Xunta nos trate de enganar empregando o concepto de prórroga no que sería unha obriga, senón que vai máis alá, o que está a facer é utilizar este feito coma unha escusa para xustificar a diminución ou eliminación doutras tantas medidas plantexadas neste Programa de Desenvolvemento Rural que ao noso entender teñen tanta ou maior importancia ca estas dúas medidas referenciadas nesta moción.

Para poñerlle dous exemplos, aínda que hai moitos máis; a medida trece de pago a zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas, as que anteriormente se coñecían como indemnizacións compensatorias, pois no caso desta medida trece con esta modificación cuarta do PDR se reducen en 23 millóns de euros, para que se dean unha idea estas axudas están dirixidas basicamente a explotacións de pequeno tamaño que están localizadas en zonas de montaña e en zonas desfavorecidas.

Outro exemplo, a medida dous de servizos de asesoramento, xestión e substitución para as explotacións agrícolas, que na proposta inicial da Consellería de Medio Rural ía ser eliminada, e só as alegacións de varias entidades que participan nese comité de seguimento conseguiu que se mantivera ata o ano 2020, iso si, cunha minoración de oito millóns douscentos cincuenta mil euros, e aínda así na realidade se traduce a que van desaparecer no ano 21 e 22, aínda que a Xunta se comprometeu cos gandeiros que a solicitaron a mantelas ata ese ano 22.

Como conclusión, dende o Bloque Nacionalista Galego vemos que temos un PDR que está mal plantexado dende o comezo, que xa foi aprobado tarde, en novembro de 2015, e que arrastra dende aquela eses problemas, e que non é máis que o reflexo dunha falta de proxecto político deste goberno do PP para afrontar as necesidades que ten o noso sector agrogandeiro; compromisos adquiridos con convocatorias de axudas nos anos 15, 16 e 17 facían que xa neses mesmos momentos xa ó comezo dese Programa de Desenvolvemento Rural se soberan as necesidades económicas que se ían ter que afrontar”.



Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Roberto Fernández Rico, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Sr. Pardo, parécelle unha boa execución un 45% nun período de cinco anos?, cando estamos no último ano dese período. Eu nunca entenderei como se pode dicir que se defenden os intereses dos gandeiros e dos agricultores cando vostedes modifican partidas que inicialmente ían ir destinadas nas propostas remitidas á dirección do Plan de Desenvolvemento Rural para o impulso e mantemento das explotacións, e logo tratan de remitir a outras actividades como desbroces, extinción de incendios ou aldeas modelo; aldeas modelo debían ser todas, defendendo á xente que vive nelas, sendo todos conscientes de que a mellor inversión que se pode facer é o apoio á xente que mantén a actividade e que cuida e respecta o medio no que vive, e que limpa e desbroza, e que combate tamén os incendios.

Entendemos todos que digan que si a manter as axudas no ano 2020, porque xa sabemos que nese ano hai que contar votos, pero a proposta que plantexamos nesta moción fala do futuro da provincia, do futuro da agricultura e a gandeiría, non dun parche electoral que é o que vostedes queren vender. Co tempo teremos que recordar ó Sr. Feijóo porque si que foi a lexislatura do rural, a lexislatura de acabar co rural.

Eu creo que fun conciso nos argumentos, e creo tamén que por moitas películas que se contén realidade só hai unha, que o sentido de voto tamén debe ser un, ou a favor de defender ós nosos gandeiros e agricultores garantíndolles unha cobertura económica mentres non entre en vigor a nova PAC, ou en contra para seguir castigando a base fundamental de toda sociedade, os produtores de alimentos, os agricultores e os gandeiros.

Instamos por tanto á Consellería de Medio Rural e á Xunta de Galicia, que é quen ten competencias, a mellorar a xestión orzamentaria do PDR, e destinar parte dos fondos que na actualidade están sen executar a prorrogar ata que entre en vigor a nova PAC as axudas agroambientais do clima e da agricultura ecolóxica que reciben as granxas galegas, nomeadamente as granxas de montaña con réxime de explotación extensiva das zonas afectadas”.



Intervén o Sr. Deputado D. José Pardo Lombao, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Pasamos á segunda intervención e realmente segue olvidado absolutamente o Goberno Central, o Goberno da Nación, que ten a obriga de negociar a PAC e de facer que a PAC teña continuidade, porque non esquezamos que a Xunta o único que fai é repartir o diñeiro que se consegue e que se discute na Unión Europea.

E eu creo que dende o BNG, que moitas veces se lles enche a boca de dicir que representan e que defenden a Galicia, aínda que no fondo non debe ser así e ademáis a cidadanía así non llelo reconece nunca, realmente tamén esqueceron que existe unha Administración central no Estado español, que é a que negocia, suponse que en pé de igualdade co resto dos Estados da Unión Europea. Entonces realmente o que a nós nos preocupa moitísimo, porque a Xunta xa garantiu que se ían manter absolutamente tódalas liñas de axuda para o próximo ano, é saber que vai pasar coa PAC e cando se vai poder poñer en marcha, e iso é o que aquí non se di.

En tódalas mocións que vexo de tódolos temas que tratamos é o mesmo, esixir á Xunta financiación e o Goberno de España nin sequera pon a financiación que lle debe a Galicia, non á Xunta de Galicia senón a tódolos galegos, o diñeiro que nós pagamos nin sequera o repercuten cando teñen que facelo legalmente. Pero ademáis cando negocian en Europa o fan tarde e mal, entón están preocupados.

E despois veñen vendernos aquí unha moción para ver se coa, para ver se os cidadáns galegos, que son moi intelixentes, e non hai máis que ver os resultados ano a ano das eleccións autonómicas na Xunta de Galicia, para ver se a ineptitude do Goberno Central á hora de negociar estes temas e á hora de aportar os fondos que aportar ás Comunidades Autónomas, aínda que a algunhas si que llos aporta sen ningún problema, pero a Comunidades Autónomas coma a galega nos distrae deste tema, e realmente os cidadáns pensen que a culpa é da Xunta de Galicia; pois non é así, a culpa non é da Xunta, a Xunta de Galicia ten comprometido no PDR manter tódalas liñas de axudas, pero o que hai que conseguir é que a PAC na Unión Europea se manteña, se faga áxil, e non quede un prazo de tres ou catro anos, porque xa me dirán vostedes con que vai financiar a



Xunta de Galicia os PDRs se durante tres ou catro anos non hai PAC, xa nolo explicarán. E se ademáis a iso lle engadimos que os seus propios fondos que lle corresponden por lei, e que son impostos de tódolos cidadáns, non se lle entregan á Xunta de Galicia en tempo, forma, e prazo, realmente ben difícil o vexo.

Pero como aquí do que tratamos realmente é de dúas cousas moi concretas, que é a mellora da xestión dos orzamentos, e acabamos de demostrar que é unha das Comunidades Autónomas que mellor está xestionando e que evidentemente, aínda que hai 700 millóns de euros, realmente neses tres anos e pico que poden quedar é necesario para manter e sobre todo para poder prorrogar todas estas liñas de axudas, mal estaríamos se non tiveramos ningún diñeiro como iamos prorrogar as liñas de axudas durante estes anos que van quedar para entrar en vigor a nova PAC.

Polo tanto eu sigo insistindo, e diríalles que se realmente queren facer política sería que retiren esta moción porque eu non lle vexo ningún sentido despois dos compromisos que adquiriu a Xunta, e que xa ten negociado para mandar a poder prorrogar as axudas durante estes próximos anos”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu estaba escoitando a intervención do compañeiro do PP, e lembrei unha frase de Nietzsche que dicía algo así como que “non minte tan só aquel que fala en contra do que sabe senón ante todo aquel que fala en contra do que non sabe”; e eu creo que a vostedes pásalles algo parecido, dígollo dende o maior dos respectos institucionais, pero tamén dende unha posición de certa afronta persoal porque eu creo que dende a súa organización deben pensar que tódolos demáis somos un pouco parvos que non nos enteramos do que pasa.

Mire, en 2016 vostedes presumían de que esta ía ser a lexislatura do rural, eu lembro a Feijóo nunha posta en escea un pouco bucólico pastoril, creo que foi no Saviñao, onde uns días antes das eleccións autonómicas presumía de que pouco menos que nun par de anos podía el soño acabar co problema do despoboamento, da falta de superficie para as explotacións, da situación dramática que era daquela e aínda segue sendo para as explotacións leiteiras, e o que atopamos tres



anos despois é que a situación lonxe de mellorar lametablemente temos que dicir que está bastante peor, e levamos así dez anos.

E para mostra un botón, sabe vostede cantas explotacións gandeiras pecharon en Galicia dende o ano 2009?, máis de once mil, pasamos de corenta mil cincocentas a vinte e nove mil catrocentas no ano 2018, un total de 3600 explotacións pecharon na provincia de Lugo nestes nove anos. Saben vostedes cantas hectáreas de superficie agraria útil se perderon en Galicia dende o ano 2009?, pois arredor de 50.000, máis do 10% da superficie total agraria da que dispoñen estas explotacións, desas 50.000 hectáreas a maior parte están adicadas agora a plantacións forestais de especies pirófitas de crecemento rápido ou simplemente abandonadas.

Vivimos nun país no que o minifundio segue a ser un limitante moi importante para o desenvolvemento do setor agrario, onde o acceso á terra é un problema para miles de explotacións, onde o 63% das explotacións teñen menos de 5 hectáreas de base territorial, e onde só o 10% desas explotacións superan as 20 hectáreas.

Podería seguir dándolle datos, lamentablemente negativos neste pouco tempo que me queda, pero o que quero é convidalo a que poida mirar as estatísticas e velo por si mesmo para que se poida dar conta de cal é a situación real do setor; e que con esta realidade puidera entender a necesidade de tomarse a política agraria en serio, e a necesidade de implementar medidas eficaces de apoio a un setor que deba ser prioritario, e que lamentablemente agora mesmo non o é para a Xunta”.

Intervén o Sr. Deputado D. Roberto Fernández Rico, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Nesta última intervención quero deixar claro que as axudas europeas van destinadas á xestión do territorio, e elas deben ser executadas con visión de futuro.

A situación dos gandeiros e dos agricultores desta provincia é moi preocupante, e quero aproveitar a ocasión para transmitirilles o apoio e compromiso deste Grupo Provincial na defensa dos seus dereitos. Propoño que esta moción se entenda coma unha reivindicación á importancia do



rural, e reitero a necesaria implicación da Consellería de Medio Rural para garantir o futuro das explotacións gandeiras e agrarias da nosa provincia cos condicionantes que establecemos, mantendo as axudas ata que entre en vigor a nova PAC”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA A APLICACIÓN DE POLÍTICAS QUE FREEN A SANGRÍA QUE SUPÓN A EMIGRACIÓN DA POBOACIÓN MOZA CARA Ó EXTERIOR.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo comparece e como mellor proceda en dereito, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte moción para que sexa engadida na orde do día da sesión plenaria do vindeiro 26 de Novembro de 2.019: Moción do Grupo Provincial do BNG para a ampliación de políticas que freen a sangría que supón a emigración da poboación moza cara ó exterior

Exposición de Motivos:

*Este vaise i aquel vaise,
e todos, todos se van.
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.
Tés, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non ten país.*



*E tés corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viudas de vivos e mortos
que ninguén consolará.*

No poema *Pra a Habana!*, a nosa poeta, *Rosalía de Castro*, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país. Cento cincuenta e seis anos despois da publicación de *Cantares Gallegos* este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do *Instituto Galego de Estatística*, nos últimos 10 anos emigraron de Galiza un total de 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

Nese período foi case un terzo do total, con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos, as que abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación. A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época na que Rosalía escribiu *Pra a Habana!* a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. No ano 1.900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1.950 situábase no 9,26% e en 2.018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2.018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por debaixo da media estatal.



Algúns xa denominan a esta realidade como “A Galiza Mingüante” e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo. A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación laboral e familiar, están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o devandito o Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, adopta os seguintes acordos:

1.- Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen ás súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

2.- Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxectivo de estudar e propoñer nun prazo máximo de cinco meses, as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia, e na actualidade golpea ao Pobo Galego.

3.- Deben ser eixos destas políticas:

-A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos endóxeos para xerar emprego e riqueza en Galiza.

-A creación de emprego digno e de calidade.

-O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

-O compromiso dende o goberno autonómico da Xunta de Galiza, para a posta en marcha de políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, o forestal, o marítimo-pesqueiro, o enerxético e o das tecnoloxías da información e da comunicación”.



Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“No imaxinario popular, ou na percepción que temos da Galicia de hoxe en día, puidera parecer extemporánea esta moción, porque estamos no ano 2019, na Unión Europea, todos somos moi modernos, e parece que o problema da emigración soa antigo, pero esta moción vouna explicar en datos que son moi significativos do que está a suceder na Galicia actual.

Nos dez últimos anos emigraron un total de 216.413 galegos e galegas en idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, que non se nos escapa que esas son as que fan o motor dun país. As mozas e mozos que ante a falta de perspectivas marcharon foi unha sangría para a nosa sociedade. Fíxense, na época de Rosalía os galegos e galegas eramos o 11,5 da poboación total do Estado; no ano 1900 eramos o 10,64; no 1950 o 9,25; e no 2018 somos xa o 5,74 do total do Estado. É dicir que perdemos a metade do peso relativo da poboación estatal.

Algúns, antes na bancada do Partido Popular, falaban da España baleirada, pois aquí podemos falar da Galicia minguante, son datos, estamos desaparecendo, un país rico con todo para medrar e resulta que a realidade é xustamente a contraria, estamos desaparecendo.

Evidentemente non hai unha fórmula máxica para frear isto, nesta moción o que se pide é que nos poñamos a traballar niso, que teñamos claro que é un problema, e creo que estes datos son indiscutibles de que hai un problema de que a nosa xente moza está a marchar, estámola formando e despois marcha para traballar noutros sitios porque aquí non hai oportunidades.

Entonces propoñemos unha serie de medidas sinxelas e creo que asumibles por todos que son: instar á Xunta de Galicia a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas. Instar ó Parlamento a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxectivo de estudar e propoñer nun prazo máximo de cinco meses as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia, e na actualidade golpea ao Pobo Galego. Cuns eixos que debemos vertebrar esta política que son: a defensa da base produtiva do país e dunha



economía autocentrada; a creación de emprego digno e de calidade; políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar; posta en marcha de políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, o forestal, o marítimo-pesqueiro, o enerxético e o das tecnoloxías da información e da comunicación.

Neste Pleno no que levamos desta lexislatura tocamos varios destes problemas, falabamos de Alcoa, falamos hoxe do problema agrogandeiro, e case tódalas medidas políticas e da política que falamos está a facer que isto sexa unha realidade, que as nosas mozas e mozos teñan que marchar. Eu creo que esta é unha moción asumible, deámoslle a importancia que ten, non deixemos que desapareza o noso país diante dos nosos ollos, e poñámonos a traballar por políticas que xeren un futuro para o noso país que é rico e debemos aproveitalo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Sr. Castro, eu agradézolle que empezara a súa moción coas palabras de Rosalía, seguramente é o único positivo que nos ofrece, porque escoitar os versos sentidos, profundos, de Rosalía sempre é un exercicio agradable. Pero a partires de aí na moción non hai nada destacable nin nada interesante. Eu diríalle, Sr. Castro, que vostedes o que fixeron foi poñerlle diadema de ouro a un espantallo.

Plantexan, é certo, un tema importante, un tema trascendente, que é o dos fluxos migratorios, o dos fluxos de poboación, un problema eterno da humanidade, un problema que afecta a Galicia e a outros moitos lugares. Pero, Sr. Castro, en lugar de coller o touro polos cornos, en lugar de plantexalo con rigor e seriedade, que sería poñendo enriba da mesa cales son, se non as solucións, alo menos as ideas e as alternativas que ten o Bloque Nacionalista Galego para resolver este problema, plantexar o problema no foro que corresponde, e cando se plantexa noutros cinguilo ás competencias propias do mesmo, por exemplo o que podería facer esta Deputación en relación con ese problema, o que fan vostedes é practicamente plantexarnos unha moción que é unha auténtica trampa saducea, na terminoloxía de Fernández Miranda.



Sr. Castro, a señora Pontón ten o obxectivo claro de reflotar a nave do Bloque Nacionalista Galego, á marxe de que eu lle desexe sorte nesa tarefa porque me consta que é unha persoa comprometida, capaz, e traballadora, a verdade é que a señora Pontón é perfectamente consciente de que o Bloque Nacionalista Galego ten exactamente o mesmo problema que tiña aquela historia de Gabriel García Márquez, “el coronel no tiene quien le escriba”; o Bloque Nacionalista Galego non ten quen o escoite, ou quizá ten pouco quen o escoite.

Por esa razón, Sr. Castro, vostedes traen unha moción que o que fai é recoller as vellas tradicións políticas do nacionalismo galego, traer a colación os mesmos modelos do pasado, singularmente dous ós que recorren vostedes con constante frecuencia. En primeiro lugar, conscientes de que o produto por si mesmo, ou vendido por vostedes, non se vende ben, o que fan é arroupalo cun envoltorio atraínte e interesante que permita desviar a atención e levar o debate en vez de facelo sobre o contido facelo sobre o continente. En segundo lugar outra vella teima do nacionalismo, intentar capitalizar ese debate, converterse en árbitro do mesmo, buscando unha bandeira para converterse en salvadores da identidade de Galicia, en salvadores da patria, en salvadores de Galicia.

A bandeira que utilizan nesta ocasión certamente que é unha bandeira de especial transcendencia na nosa terra, unha bandeira de especial sensibilidade en Galicia, a bandeira da emigración; a emigración que por certo reflicte o mellor e o peor desta terra, por un lado reflicte efectivamente a pobreza e a desesperación de quen tiveron que marchar a buscar unha vida fóra, pero tamén o exemplo de xenerosidade, de solidariedade, o espírito de identidade, que foi capaz de desenvolver a Galicia exterior.

Á marxe de que os datos que vostede ofrece son datos interesados, parciais, terxiversados, porque esquece unha parte importante, vostede fala do que se vai pero non fala do que se vén; recolla os datos do Instituto Galego de Estatística e verá como o saldo migratorio nos últimos anos é positivo en 45.031 persoas, o fluxo migratorio de Galicia no último ano foi positivo en 13.000 persoas.

Pero moi fundamentalmente, Sr Castro, sexamos serios, vostede o apuntou, se da conta de que isto é unha trampa saducea e ben dicía que parecía unha cuestión do pasado; efectivamente, Sr.



Castro, non é serio comparar a emigración de hai cento cincuenta anos, do século pasado, cos fluxos migratorios, cos fluxos de poboación, determinados pola crise, determinados polas circunstancias presentes, e singularmente a circunstancia da globalización. Comparar a situación da Galicia actual coa situación da Galicia de hai cento cincuenta anos é un exercicio de desfase e de anacronismo total e absoluto.

Fágame caso, Sr. Castro, mesturar as idades, mesturar os tempos, non é un bo exercicio. Do mesmo xeito que un neno sabio acaba resultando odioso, tamén facer a política mirando unicamente polo retrovisor cara ó pasado non é nada máis que un pasaporte hacia o tortazo monumental.

Seguramente teñen vostedes un problema, e antes de rematar permítame que lle diga unha cousa, levamos hora e media de Pleno e vostede aínda non dixo nada da Sentenza dos EREs; aquí chegouse a unha moción de censura por un pacto contra a corrupción e vostede aínda non di nada, Sr. Efrén Castro, da corrupción do pacto, que non o diga o Partido Socialista o entendo, que non o diga vostede sorpréndeme”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Non mo tome a mal Sr. Baamonde, pero ás veces faime adormecer, e por iso non falamos de cousas que ó mellor vostede quere. A verdade é que adormezo porque tampouco lle escoitei a vostede poñer enriba da mesa ningunha solución a un problema do que vostede di que é un problema eterno da humanidade, non, é un problema eterno do Sr. Feijóo que é o que ten competencias na materia, son competencias propias definidas no Estatuto de Autonomía.

Non sei porque se asustan os señores do Partido Popular, moitos de vostedes son ou foron Alcaldes, ou teñen responsabilidades de goberno nos seus concellos, pero que me digan que a emigración é unha cuestión do pasado, que é unha cuestión de certa irrelevancia, ou lle quiten peso ó asunto, deixa moito que desexar. Eu creo que tódolos días vostedes falan cos seus veciños, con xente moza, xente moza que tivo que marchar e que tivo que facer a maleta sen saber nin o que ían buscando fóra de aquí, nada mais e nada menos que douscentas dezaseis mil persoas na última



década; dentro deses douscentas dezaseis mil persoas un terzo son entre dezaseis e trinta anos, iso si que é un verdadeiro problema.

É certo que a moción do BNG aborda moitísimas outras cuestións que ó mellor darían para moitas cuestións de maneira individualizada, pero si que teñen un denominador común que compartimos, facer fronte de maneira real á sangría demográfica, facer fronte ó despoboamento, facer fronte a situación de desemprego que están a vivir, pero con solucións reais.

Miren, a Xunta de Galicia ten a marabillosa responsabilidade non só de decidir paliar esta situación, ten que ter a obriga, a través da súa capacidade lexislativa, de poder resolver estes problemas que existen actualmente; pero realmente creo que hai unha paralise absoluta no desenvolvemento de políticas de emprego activas, axeitadas ás realidades deste país, cuestións que non se están facendo, porque estamos a falar de cales son as prioridades, cal é a cuestión.

Diciálle Bill Clinton a George Bush fillo, para explicarlle cal era a situación ou o contexto actual no que se movía a situación de crise naquel momento, diciálle: “es la economía, estúpido”, e non mo tomen a mal pero creo que non entenden o que está pasando en Galicia, ou non o entenden ou non o queren entender; a economía está nunha situación que hai que activala, hai que poñer incentivos económicos para que funcione, onde está a política industrial da última década do Sr. Feijóo?, acordáronse de que teñen competencias en política industrial un mes antes das eleccións para falar de Alcoa; esa é a política industrial do Sr. Feijóo.

Esa industria, se non poñemos enriba da mesa novos modelos industriais que activen esa economía, que xeren un emprego, adaptado ás novas realidades, vinculados á innovación tecnolóxica, vinculados ó setor forestal, difícilmente poderemos adaptarnos á nosa realidade, difícilmente poderemos fixar poboación no rural. E se ademáis a todo isto lle sumamos o continuo recorte progresivo e sangrante que está facendo o Partido Popular dos servizos públicos no rural, lóxicamente o que ía ser a lexislatura do rural eu o bautizo como a lexislatura do estrangulamento do rural a que está sometendo o Sr. Feijóo.

Os nosos mozos marchan porque os estamos obrigando, os está obrigando o Sr. Feijóo a que marchen ás cidades, non teñen no rural os servizos, se non hai pediatras como imos ter nenos?,



se estan recurtando en unidades escolares, como imos darlle unha educación pública de garantía no rural ós nosos fillos?. Ese é o verdadeiro problema Sr. Baamonde; e a ver se se dan conta de que é un problema estrutural que teñen que resolver porque teñen competencias en materia de emprego, e que non está habendo os resultados desexados; se ó final legislan e non invisten, que é o seu problema, porque non invisten, poden legislar pero se logo facemos como o de SOGAMA que paga o concello, en vez de investir o que fan vostedes é invitar, pero non é o mesmo porque os concellos, e vostede estivo nun, saben a problemática e as dificultades que temos para facer fronte ós retos destas características.

Por tanto si poñer todos da nosa parte, pero cadaún tense que facer cargo da súa responsabilidade, e neste caso creo que a Xunta de Galicia deixa moito que desexar; é unha mágoa que durante estes dez anos máis de duascenas mil persoas tiveran que marchar fóra do noso país coas grandes potencialidades que ten; pero iso necesita dun incentivo que ten que aportar o que ten competencias neste caso que é o Sr. Feijóo”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Teño que dicirlle señor Agustín que a verdade é que na súa exposición deixoume algo descolocado; en primeiro lugar porque non falou para nada de toda a problemática que ten este país, falou do BNG, falou de certas cousas, tomouse a cachondeo a problemática da emigración; empezaba dicindo que podía parecer extemporánea precisamente polo seu discurso, por ese tipo de discursos que parece un problema doutro lado.

Pero o que mais me descolocou foi que o mellor é que agora os mozos e mozas galegas levan emigrando toda a historia moderna deste país, e nestes dez últimos anos douscentos mil, por culpa dos EREs de Andalucía; haberá que ser un pouco serios no debate, eu non o citei pero a súa bancada tampouco porque non estabamos debatendo iso; e saca iso porque como é algo que non queren tratar e non queren ver os datos reais, ten que levar o debate ó ridículo, a non debater a moción, a falar doutras cousas.



E di que o saldo emigratorio é positivo, claro entónces os que se van que máis nos da se veñen outros, iso é o que lle preocupa a vostede e ó Partido Popular que as mozas e mozos galegos formados teñan que ir buscar un futuro mellor a outro sitio?. E non me falen, que é outra trampa, da modernidade, e cren que a xente lle vai comprar que as mozas e mozos galegos emigran pola globalización, porque os que estudan todos prefiren vivir por Europa, ou ir a Cataluña, porque si, porque como vivimos nun mundo globalizado que teñan que marchar. Pois mire, non, baixen á realidade, a xente que marcha, a gran maioría marcha porque ten que marchar para buscar unhas condicións dignas de traballo.

E non deberían tomarse a broma esta problemática, e queren que os galegos e galegas non sexamos conscientes diso, pero a realidade está aí, e os números son ben clariños, e non mentín en ningún número, vostede si que o utiliza, porque como veñen inmigrantes, que benvidos son porque veñen a aportar a este país, pero a problemática dos que marchan segue aí e non o cubren porque veñan outras persoas.

Entónces eu creo que é unha falta de respecto a tódalas mozas e mozos que tiveron que marchar a súa, non sei se chamarlle intervención ou debate, porque non entrou en nada, non dixo se o Partido Popular ía poñer en marcha algo neste aspecto, non, porque non o fan. E levan gobernando toda a democracia, ou case toda, este país e os datos son eses, entónces non poden entrar a debatelos.

Por tanto peréceme ben que se preocupe polos EREs de Andalucía, pero preocúpese polas mozas e mozos galegos que teñen que marchar para buscar un futuro mellor”.

Intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Sr. Castro, con toda a cordialidade, permítame que lle diga que o que é unha auténtica falta de respecto é que vostede equipare os EREs ó problema dos mozos e mozas de Galicia; que poña no mesmo saco a emigración dos mozos en relación cos EREs. O dos mozos pode ser un problema de necesidade, o dos EREs é un problema de dignidade Sr. Castro.



Xa lle digo, vostede está nun pacto con outra formación política, eu comprendo que vostede axude á gobernabilidade do Partido Socialista, pero vexo que o Bloque Nacionalista leva camiño de converterse non nun aliado senón nun estrambote do Partido Socialista a base do seguidismo que fai Sr. Castro, o tema dos EREs claro que é un tema grave, e a mín sorpréndeme o seu silencio. En calquera caso recórdolle a vostede e ós demais que ás veces o silencio é bastante máis estentóreo que as palabras, moitas veces quen cala outorga; recorde aquilo do Lazarillo de Tormes: “estas comiendo las uvas de dos en dos, porque yo las como de tres en tres y me callo”, se vostedes calan por algo será, e eu creo que neste caso algo habería que dicir.

Mire, Sr. Rivera e tamén o Sr. Castro, falan vostedes das actuacións da Xunta de Galicia, eu non vou defender aquí á Xunta de Galicia que se defende por si soa coas actuacións que está realizando, pero postos a pedir actuacións eu recórdolles que esta é unha Institución que tamén ten esa obriga de colaborar a dar emprego, e a dar fixación na terra a mozos e mozas de Galicia.

Fala vostede na súa moción da Galicia minguante, pois esta é unha Deputación minguante, ó paso que levamos vai facer certo aquilo que dicía Celso Emilio de “o país dos ananos”. Sr. Castro, falamos dos servizos sociais, das residencias, dos centros de día, que a Deputación decide ausentarse deles, e iso, Sr. Rivera, non ten nada que ver co rural de Galicia e cos servizos do rural de Galicia?.

Falamos do desenvolvemento industrial e urbanístico que supón a eliminación de Suplusa, non ten nada que ver iso co emprego, co urbanismo?. Falamos, e acabamos de debater hoxe, do ciclo da auga onde vostedes queren desmarcarse lóxicamente do apoio ós concellos, escapan vostedes das infraestruturas, pero quen provoca que se mínguen?. Falamos, Sr. Rivera, de que foron as políticas de Zapatero, a crise provocada polo Partido Socialista, a que provocou o fluxo masivo e emigración neses anos dos que vostede está falando?.

Xa se falou dos 700 millóns de débeda a Galicia, e están facendo todo o posible para que Galicia tamén vaia minguando: Alcoa, As Pontes, Ence, moitos exemplos onde precisamente mozos e mozas de Galicia podían encontrar traballo e oportunidades de traballo e teñen que marchar por esa visión, Sr. Castro, que eu lle reitero, políticamente que ten o Bloque Nacionalista



de Galicia como lugar acasurado con casa, cortiña, palleira, e alpendre, pero ás veces as árbores non lle deixan ver o bosque e sería bo que levantaran algo a vista”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Aínda que probablemente me gañe en experiencia señor Baamonde, non lle vou morder o anzó, e dígolle que falando de silencios ás veces cando un sae coa política é mellor estar calado, e dígoo porque volvo escoitalo na súa intervención e non hai nin unha soa proposta real, nin un só mea culpa que vostede entoara nalgún momento. Parece ser que dende o ano 2009 goberna calquera outro menos o Sr. Feijóo.

Ás veces en política é importante asumir responsabilidades; ás veces en política non chega con facer grandes discursos se detrás deles non hai nada, que é o que vostede acaba de facer, e como siga citando así vai poder vostede facer un recopilatorio de citas, porque iso é interesante pero a mín o que diga Celso Emilio Ferreiro paréceme pouco serio neste asunto; porque vostede ó mellor ten que falarlle ós mozos e mozas desta provincia que marcharon por culpa da inactividade do Sr. Feijóo.

Vostede ó mellor ten que pensar neses mozos que hoxe teñen dificultades para poder desempeñar o seu labor aquí, mozos que se formaron en Lugo, no Campus Terra, en Graos ou Licenciaturas que no seu día estaban adaptadas á realidade do territorio, como veterinaria; porque unha persoa que fai veterinaria tivo que marchar a desempeñar o seu labor no Reino Unido?, ou algún enfermeiro, porque tiveron que marchar?, fágase vostede esa pregunta, pois repóndolla eu, porque non hai un modelo de país, non hai un modelo de economía que garanta a sustentabilidade dese emprego, non existe; non houbo unha evolución do modelo industrial en Galicia, non hai alternativas que xeren emprego de calidade e permitan que os nosos mozos permanezan aquí.

Pola contra, fronte a ese modelo totalmente desestruturado e de subsistencia que aplicou o Sr. Feijóo a través de distintos organismos, como pode ser o IGAPE, que tiñan que ter sido máis activos en fomentar o establecemento deses novos modelos de produción, ten o modelo desta Institución; e non é certo o que vostede di porque as competencias en emprego aquí son impropias,



pero sempre mantivemos ese compromiso cos mozos, e lles traslado unha mensaxe de esperanza porque imos seguir apostando polo emprego como xa facemos con programas coma o Ben Empregado, Tecendo Emprego, ou o programa Prende; porque lle escoitaba ó seu Delegado da Xunta de Galicia o outro día presumir dos obradoiros de emprego, e iso está moi ben, pero ó final o único que fan é resolver un problema de emprego estacional, e non podemos falar de estacionalidade no emprego porque temos que ir máis para adiante, que temos que pensar que os nosos mozos non só necesitan formación durante nove meses, que se teñen que afincar aquí, que temos que quedar aquí, e para iso necesitamos máis músculo empresarial, máis empresas que aporten valor engadido, que non o están facendo, e iso é a súa responsabilidade.

Dende logo esa mensaxe de tranquilidade e de esperanza dende o Grupo Socialista e dende o Grupo de Goberno que se lle transmita a eses mozos e mozas desta provincia, porque nós non os imos deixar abandonados”.

Intervén o o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Sr. Agustín, vostedes miran cara arriba, miran ó Goberno do Estado, miran a Europa, e agora miran para abaixo, miran para a Deputación; o caso é que vostedes gobernan ás veces no Estado, en Galicia foi case sempre, pero nunca é culpa de vostedes nin o que pasa en Europa, nin o que pasa no Estado, nin o que pasa en Galicia.

Ten que entender que iso lle pode valer a vostede para saír no debate desta moción, porque é complicado defender estes datos, os mozos e mozas emigran, e vostedes como non teñen solución e non lles parece importante falan doutras cousas; falamos de Celso Emilio, que por certo recoméndolle que estude mellor a obra sobre o que significa o “país dos ananos”.

Ó final falou de todo, reparten culpas para todos lados, e o Partido Popular non ten culpa de nada, que raro!. Pois mire, non lle vale esa argumentación, o Partido Popular leva dez anos gobernando Galicia, as mozas e mozos teñen que marchar, algo estarán facendo mal; e máis grave ca que o estean facendo mal é que non lles pareza un problema, porque das súas palabras dedúcese que non lles parece un problema; pois é un problema real”.



Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR DE APOIO AO POLÍGONO INDUSTRIAL DE RIORTORTO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“M^a. Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular de apoio ao polígono industrial de Riotorto, que se basea nesta

Exposición de Motivos:

A Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA) é a promotora no concello de Riotorto do polígono industrial Vilarín.

Os trámites administrativos para o dito polígono industrial comezaron en agosto do ano 2015 cando o concello presentou e tramitou necesario Plan Especial. Polo tanto, a día de hoxe, o Concello de Riotorto leva catro anos de tramitación, acadando os informes sectoriais e legais precisos para a súa creación.

O proceso de tramitación tivo o seu punto final coa aprobación definitiva, por parte do Concello, en Xunta de Goberno Local, celebrada o 12 de novembro de 2019, do proxecto de urbanización “ Parque empresarial Vilarín Riotorto”.



A día de hoxe, ao Concello cónstalle a vontade de diversas empresas locais para a adquisición de parcelas no devandito polígono.

O próximo paso que correspondería agora sería a licitación do proxecto de urbanización, que ten un presuposto de 402.250,48 €. A licitación correspondería en boa lóxica ao promotor do mesmo, que é a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A.

Dada a situación legal na que se atopa actualmente a Sociedade, a súa subrogación ten que ser levada a cabo pola Deputación Provincial de Lugo.

Polo tanto, xa que estamos ante unha actuación conveniada entre SUPLUSA e o Concello de Riotorto, en aras a que non se paralice o desenvolvemento industrial na provincia de Lugo e concretamente no concello de Riotorto, instamos á Deputación Provincial de Lugo a incluír nos seus orzamentos para o ano 2020 a partida necesaria para a licitación e urbanización do Polígono industrial de Vilarín en Riotorto.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao Pleno da corporación provincial a presente moción de apoio ao polígono industrial de Riotorto e propónse a aprobación do seguinte acordo:

Que a Excma. Deputación Provincial de Lugo inclúa nos seus orzamentos para o ano 2020 a partida específica necesaria para a licitación e urbanización do polígono industrial de Vilarín no concello de Riotorto”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Vimos de falar de mozos, de mozas, de tecido industrial; pois imos falar dos mozos e das mozas desta provincia, imos falar por exemplo dos mozos de Riotorto. E imos falar de Riotorto porque é un concello pequeno, que ó mellor nalgúns outros parámetros da provincia non parece demasiado importante, pero si que existe unha preocupación en Riotorto, nos seus veciños e no seu Alcalde, pola situación do polígono industrial de Riotorto.



Agardamos que todos estes que agora defenderon tanto ós mozos e ó tecido industrial desta provincia non teñan ningunha dúbida en apoiar esta moción. Porque ademáis é unha moción á que nós lle damos moita importancia, non só por Riotorto, que a ten xa de por si, senón porque vai servir para saber cal é o criterio do novo goberno e cal é o criterio desta Deputación con respecto á herdanza que deixa Suplusa.

O Partido Socialista e o BNG pactaron no seu momento, para chegar a ese acordo de goberno que teñen, a disolución desta entidade, é verdade que se xustificou de ben distinta maneira, o Partido Socialista creo recordar que dicía que era por modernizar e impulsar as funcións públicas desta Deputación, mentres que o BNG xa dicía directamente que era para baleirar esta Casa e liquidar esta Deputación; entón imos saber quen di a verdade.

Cando neste Pleno se presentou ese inicio do proceso de liquidación desta entidade nós xa dixemos moitas veces cal era a nosa postura, por certo postura que estamos defendendo creo que con coherencia e con responsabilidade, por un lado na comisión liquidadora, creo que estamos actuando de xeito responsable na defensa dos intereses desta provincia, e tamén dos traballadores de Suplusa, pero lóxicamente con lealdade a dito organismo; pero nesta Casa, na Deputación, que en teoría é quen se subroga nas funcións que tiña Suplusa, imos ver que pasa.

Estamos a falar dun polígono industrial que leva tramitando o concello dende hai catro anos, primeiro a través dun proxecto de sectorización e dun plan especial urbanístico para adaptar a realidade urbanística legal deses terreos ó asentamento de naves e empresas nese concello; catro anos nos cales o concello foi conseguindo tódolos informes sectoriais e legais necesarios para que ese solo industrial de Riotorto fose unha realidade.

En segundo lugar, recentemente véñse da aprobar no mesmo concello de forma definitiva o proxecto de urbanización de dito polígono. Este é un polígono promovido por Suplusa, a cal neste momento, pola situación na que vostedes a puxeron, lóxicamente é esta Deputación a que ten subrogarse nas súas obrigas, nos seus compromisos, e dende logo nos proxectos desta provincia.



A nós xa nos consta que existen problemas de retraso noutros polígonos industriais, e non os imos dicir hoxe aquí, pero imos seguir adiante para ver como se van levando. Dende logo o que non imos permitir é que esa liquidación de Suplusa só sirva para presuntamente ir baleirando esta Deputación, como dixo unha parte do Goberno.

Por iso, entendemos que teñen un bo momento agora mesmo con esta iniciativa para apoiar a inclusión no proxecto de orzamentos, que ademáis anuncian que vai ser inminente, da cantidade suficiente para poder licitar ese proxecto de urbanización do polígono de Riotorto que o concello vén de aprobar definitivamente de forma inminente.

Por todo isto creo que vén acaída esta moción, porque vimos de falar dos mozos, do asentamento, agardamos que non sexan vostedes cómplices da emigración dos mozos de Riotorto; isto failles moita graza porque vostedes adoitan manexar con certa flexibilidade a literatura pero na práctica son bastante menos eficientes. Por tanto estamos nunha obriga co concello de Riotorto, e cos veciños, de presupostar en primeiro lugar e licitar en segundo lugar as obras polas que levan apostando os veciños, o concello, e o Alcalde de Riotorto nos últimos catro anos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Ás veces sorprenden algunhas afirmacións; din vostedes os motivos para liquidar Suplusa o BNG e o PSOE, pero o certo é que asinamos un acordo tódolos que estamos representados nesta Cámara, non firmaron vostedes a liquidación?, ó mellor é que eu vivo noutro mundo pero creo que vostedes asinaron a liquidación.

E agora traen unha moción trampa porque mentres estamos decidindo qué pasa con Suplusa, que está nun período de liquidación, e vostede, Sr. García, é liquidador e ten máis información que calquera dos que estamos aquí ou tanta coma calquera dos liquidadores, pois imos ver o que se decide co de Riotorto e con todo; pero que pretendan condicionar aquí para empezar a facer alarma, porque ben sei como funcionan vostedes, traen unha moción e logo dirán que a Deputación non quere facer o polígono de Riotorto; imos facer política máis seria, imos tratar a liquidación de Suplusa, imos ver o que pasa con eses fondos e como se poden abordar todos estes



proxetos que quedaron pendentes, que por certo ó mellor poderíamos entrar en como deixaron Suplusa vostede e o seu amigo, e esa xestión, ó mellor tamén era de debate.

Non se poñan nerviosos e traian vostedes mocións serias; imos tratar de Suplusa e non digan “decidiron liquidala, firmámolo pero agora non”, traian mocións serias. Nós claro que imos defender o futuro de Riotorto coma o de toda a provincia, pero traer agora no punto no que está a liquidación desa Sociedade, isto está fóra de tempo, non é o momento.

Evidentemente a tódolos que estamos aquí nos preocupa o futuro de Riotorto, seguramente máis a mín cá vostedes, pero por traer esta moción non solucionan os problemas; vostedes destrozaron a Sociedade, deixárona como a deixaron, agora aceptaron a liquidación e agora, como xa non poden gobernar Suplusa dende a oposición, queren tomar decisións.

Pois imos ir por tempos; o futuro de Riotorto este goberno da Deputación vaino defender, pero imos facer ben as cousas, estas chapuzas que facían na lexislatura anterior ó mellor agora cambiaron as normas do xogo e xa non valen; imos facer política seria, imos propoñer cousas serias, imos ir vendo como vai evolucionando o futuro de Suplusa e tomar esas decisións, nas que vostedes teñen parte, porque teñen o 33% da decisión do que vai pasar con Suplusa, e o que vai pasar con Suplusa vén a este investimento e van a outros que había pendentes na Sociedade, pero ímolos decidir entre todos e de todos, e non só de Riotorto agora con esta moción, porque queren facer trampa sempre e non lles vale.

Xa sei que se puxeron nerviosos, claro que hoxe tiveron un Pleno duro pero é o que hai”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Sr. García, non escolleu moi ben a moción para traer ó Pleno, porque de verdade que eu non quixera verme no papelón que vostede acaba de asumir; a vostede pásalle igual cá compañeira Mónica e ca mín, que somos liquidadores de Suplusa, e asumimos ese papel, supoño que a vostede lle pasaría coma ó resto, porque os Grupos Políticos confiaron en nós para que o fixeramos.



E agora a verdade é que non sei moi ben o que pretende, eu creo que máis ben equivocouse de banquete, foi á voda que non era, quixo comer os pinchos en Suplusa e agora vén aquí ó menú principal, ou ó revés, porque non entendo moi ben o que busca con todo isto. Eu véxoo moito mellor no papel de liquidador de Suplusa, con esa seriedade que ten vostede alí, con esa sensatez, con ese peso, do que o vexo aquí; e sabe coma mín que é moi difícil diferenciar os dous papeis, e hai pouco que tivemos un encontro cun Alcalde da provincia, ó cal non me vou referir a nivel persoal, creo que todos fomos conscientes de que non é fácil diferenciar as dúas partes; pero supoño que, abducido pola pretensión do seu Grupo Político, chega aquí intentando facer protagonismo de algo que non compete; dende logo eu estaría moito máis a gusto se vostede non tivera asumido este papel, porque tampouco me obrigaría en certa medida a ter que asumilo a mín.

Vostedes votaron neste Pleno a favor a liquidación de Suplusa, explíquelles ós medios porqué, dígao claramente; a empresa provincial foi útil para esta provincia ata que vostedes a gobernaron no pasado mandato, aí perdeu a súa utilidade, Sr. García, e sábeno mellor cá min, vostedes sós se meteron no lío, e hoxe vostede volve meterse no lío neste Pleno da Deputación. Eu deille un consello sesgadamente nalgunha reunión que tivemos da comisión liquidadora, intentando diferenciar perfectamente os dous papeis que, insisto, non é doado, porque no fondo somos políticos, deputados provinciais, e adicámonos a isto, á política, por máis que algúns queiran camuflalo.

Esta é a realidade, e alí temos que exercer co maior rigor como liquidadores dunha sociedade; e en atención a ese rigor temos que ter varias cousas en conta, e a primeira delas é que habería que ver, e vostede sabe ben como se fan as cousas e coa naturalidade coa que falamos alí, se efectivamente a obriga de Suplusa a día de hoxe está vixente ou non, eu teño dúbidas, cando menos quero sabelo e poder trasladarlllo ó Grupo.

En segundo lugar, esa comisión liquidadora, os tres liquidadores, vostede sabe ben como funciona, deberíamos acordar a sucesión das obrigas de Suplusa á Deputación, ó mellor non só desta senón tamén de moitas máis, iso hai que valoralo e hai que velo; e vostede sabe coma están os deberes alí, e que se van facendo paso a paso e pouco a pouco e intentando non cometer faltas de



ortografía. E por último, unha vez que fixeramos todo iso, deberíamos estudar a posibilidade de incluír a dotación orzamentaria aquí na Deputación; ese é o último paso.

Sabemos que na liquidación de Suplusa démonos un prazo que acordamos todos, de arredor de dous anos, oxalá que sexa menos, pero veñen aquí cun interese político que non ten nada que ver coa xestión que se está facendo e que intentamos manter allea para que non afecte a outras cuestións aquí na Deputación do asunto de Suplusa.

Sr. García paréceme pouco serio, a verdade é que me sorprende que vostede quixera asumir este papel, tampouco o vexo cómodo como actor nesta situación. E os demais o que faremos é remitirnos ó que se acorde nesa comisión liquidadora de Suplusa na que, se me permite a licenza, tamén o vou dicir, en ningún momento, ou eu non o lembro, nomeou vostede a Riotorto, iso tamén é así, e aquí o deixo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Miren, din no meu pobo que nestes casos “se me pinchan non sangro”, porque a verdade é que é alucinante o que lles acabo de oír a vostedes.

En primeiro lugar, vénme dando explicacións a min de que non me sinto cómodo, síntome moi cómodo na defensa disto, e é absolutamente compatible porque aquí non son un liquidador de Suplusa, senón que son un Deputado do Grupo Provincial do Partido Popular que defendemos os intereses da nosa provincia.

Di o señor Castro que no pleno nós firmamos a liquidación, vostede señor Castro naquel pleno debíase adormecer coma o señor Rivera no de hoxe, pero durman mellor de noite e non veñan con tanto sono. Nós dixemos moi claro o que iamos facer, que iamos defender os intereses dos traballadores de Suplusa, e que iamos defender os intereses industriais e da rede de servizos sociais desta provincia, e ímolo facer; eu son absolutamente leal coa comisión liquidadora, porque nesa comisión non plantexamos estes temas do ámbito político, pero aquí si porque é o que nos corresponde.



Se hoxe esta provincia non ten un órgano que xestione o solo industrial é porque vostedes quixeron, e nós dixémoslle que iamos entrar nesa comisión liquidadora pero dende logo esta Deputación non vai deixar ós concellos da provincia de Lugo sen solo industrial, tense que subrogar, e iso estamos facendo, con absoluta lealdade á comisión liquidadora na que estou, e con absoluta lealdade a esta provincia e ós nosos concellos.

Vostedes acaban de falar na moción anterior dos mozos e do tecido industrial, e agora xa non saben nada diso, xa non o recordan, xa non lles importa nada o tecido industrial de Riotorto, é pequeno, impórtanlle só as grandes empresas, será que por iso tratan tan ben a Alcoa e a Ence; ese é o tecido industrial que a vostedes lles importa?, a vostedes non lles importa nada señora García Porto.

Qué me vai dicir a mín de que non estou cómodo?, estou comodísimo, e non só porque a silla o sexa, que tamén, pero é porque é de absoluta xustiza o que está a facer o Partido Popular neste momento, e de absoluta lealdade á comisión liquidadora.

A Deputación Provincial de Lugo ten que subrogarse nas obrigas que tiña Suplusa, senón o que sucederá é que o que pasou no seu pacto é que vostedes aceptaron o que lles esixía o BNG, que era iniciar a liquidación desta Deputación, pois díganos; agora xa non hai quen tramite solo industrial nesta provincia, agora os concellos que tiñan solo industrial e que levan catro anos pelexando por el xa non lle importa a ninguén.

E non poña en min ningún tipo de deslealdade á comisión liquidadora, que non a hai, e dende logo non vai erradicar para nada este discurso; é máis, xa lle anuncio que imos traer máis actuacións coma esta, porque a provincia está paralizada pola súa decisión política, e iso naquel pleno, no que aceptamos entrar na comisión liquidadora, xa dixemos que non o iamos aceptar”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:



“En primeiro lugar agradecerlle á Sra. Porto e ó Sr. García que me aclararan que vostedes firmaron o mesmo acordo que firmaron todos, firmaron o mesmo porque era o mesmo documento, e aprobaron o mesmo que os demais. Agora pode dar as explicacións que queira pero o certo é que firmaron iso; polo tanto partimos desa base, algo xa avanzamos.

O tecido industrial claro que nos preocupa, pero hai que tratalo dun xeito serio, e non traendo aquí isto, ou a vostedes só lles preocupa o proxecto de Riotorto?, non había máis?, vostedes saben máis do que pasaba en Suplusa ca min. Pero o que se está a facer na liquidación é tratar de dar solución ó tema dos traballadores, e a solución a eses proxectos dunha forma seria, iso é o que me traslada a mín a compañeira Mónica e a Deputada Pilar, estase traballando en solucionar iso, pois eu confío no seu traballo, máis no delas ca no seu; por tanto imos deixar avanzar e imos ser serios, asinaron un pacto así que deixen que avance iso.

Aquí ningún falou de non facer esas cousas ou de que non nos ían preocupar os traballadores, pero vostedes como iso nunca lles vén porque aínda teñen ese pouso da lexislatura anterior e gústalles algo menos serio e menos ordenado, pois agora trátase do contrario, trátase de buscar solucións e de traballar para esta provincia dunha forma seria. E agora tomaron esa decisión de disolver Suplusa igual cós outros, e se vostedes durmen mal con esa decisión explíquenlo, pero tomárona, cadaún tería as suas motivacións, pero tomárona.

Pois imos darlles tempo a que esa disolución avance, e que se vaian solucionando eses problemas, porque aquí ninguén por parte do Goberno e das liquidadoras que comparten ese traballo con vostede falou de que non se foran facer esas tarefas pendentes, eu teño comunicación diaria e cercana coas dúas, e non se falou diso.

Por tanto non veñan aquí para xerar unha alarma en algo que vostedes están, queren poñerse do lado de fóra pero estan, e teñen o mesmo peso nas decisións que teñen o resto de Grupos. Entonces se están, e se vai decidir, e que vostedes son o garante de que iso vaia ben, déixeno ir, pero non imos facer chapuzas; a vostedes gustoulles moito o da lexislatura pasada pero destraron Suplusa, a imaxe da Institución foi a que foi, pois agora imos á seriedade, imos traballar por Riotorto e tamén por tódolos lucenses, pero dunha forma seria e con propostas serias. Disolver unha sociedade non é algo sinxelo, deixémolo andar sen poñer paus nas rodas”.



Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Eu en certa medida a verdade é que entendo a súa frustración, o seu cabreo, a súa transformación neste pleno, porque eu creo que vostede en ningún momento tivo mala vontade cando o seu Grupo subscribiu ese acordo e o nomeou como liquidador da Sociedade provincial. O que pasa é que agora en certa medida eu creo que tamén se dá conta da utilización que pretenden facer da súa situación, e como non hai un proxecto de provincia veñen con esta moción puntual ó Pleno.

A min particularmente preocúpame que o Partido Popular estea nesta situación, nunha falta de rumbo, nunha desorientación política pero tamén que a vostede o vincula directamente coa liquidación desa Sociedade. E eu simplemente lle quero dicir unha cousa, non é o camiño, intentárono coas residencias, intentaron confundir á poboación, intentaron sementar unha alarma entre os Alcaldes, non é o camiño señor García, vostede sabe co rigor e a seriedade que se está traballando, e vostede sabe que somos quen de cumprir os acordos. E ó igual que acontece coas residencias, que queremos garantir que se sigan mantendo, cos polígonos non queremos deixar tirado na cuneta a ningún concello que precise do desenvolvemento de solo industrial, estoulle falando como Grupo Político neste momento, pero vostede tamén pode comprobalo na comisión liquidadora de Suplusa, esa non é a nosa proxección.

Nós non dixemos en ningún momento que a Deputación non se fora subrogar, voulle repetir claramente os tres pasos que hai que seguir e que son os que nos dan cobertura xurídica para poder tomar as decisións. En primeiro lugar hai que ver se a obriga de Suplusa de promover o polígono de Riotorto, e voume cingir só a Riotorto porque logo isto haberá que extrapolalo a todos e cadaún dos proxectos de polígonos que hai na provincia, segue vixente; ese é o primeiro paso, temos que saber en que situación está na Sociedade, a vostede nunca lle oín preguntar ata o momento, pero teremos tempo de falalo.

A partires de aí, unha vez que se comprobe se esa obriga está vixente ou non, e no caso de que o estea, na comisión liquidadora poderemos acordar a sucesión das obrigas á Deputación, e ó



mellor non só desta obriga, ó mellor témonos que plantexar outras moitas; eu de verdade creo que a liquidación de Suplusa non é algo menor, creo que nos vai dar moito traballo; e porqué só o polígono de Riotorto señor García?, hai outros moitos proxetos en Suplusa e haberá que ver como se abordan. E a partires de aí, unha vez que se efectúe esa sucesión de obrigas, haberá que estudar a dotación de orzamentos da actuación.

Polo tanto imprescindibles eses tres pasos para ter unha fiabilidade xurídica que nos preocupa tanto ós tres liquidadores coma ó resto de integrantes desa comisión liquidadora, ós dous técnicos, para poder avanzar. Polo tanto fiabilidade xurídica primeiro”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Definitivamente queda demostrado cal era a vontade do bipartito neste sentido, traen aquí a colación a comisión liquidadora, pois non se preocupen que na próxima comisión liquidadora se o concello de Riotorto lle dirixe algún tipo de escritos se tratará, a ver se Suplusa vai continuar. Porque xa lle digo unha cousa, se Suplusa licita este polígono, igual ca outros, non hai problema en que non se subroque a Deputación porque esa obriga parece que non se vai transmitir, pero xa lle digo que non, e vostede sábeo.

É absolutamente deleznable o que vostedes están a dicir, porque os únicos que están confundindo a comisión liquidadora, esa que crearon vostedes, con este Pleno son vostedes, o único certo é que os polígonos industriais desta provincia agora mesmo, polo que acaba de dicir, están paralizados. E xa lle dixen que non era só o caso de Riotorto, virán outros máis. Pero non están paralizados por unha cuestión do azar divino, senón pola decisión que tomaron vostedes para estar todos sentados aí xuntos, por iso están paralizados.

E señor Castro, ímoslle traer ese pleno e o que se firmou, para que se entere. E por certo, Suplusa, para ben ou para mal, gobernouna o Partido Socialista e o BNG os últimos doce anos, vostedes, non o PP, e parece que o esqueceron”.



Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, EN DEFENSA DAS LIBERDADES EDUCATIVAS CONSAGRADAS NA CONSTITUCIÓN

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“M^a. Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en defensa das liberdades educativas consagradas na Constitución.

Exposición de Motivos:

Os pais son os primeiros responsables da educación dos seus fillos. Ese papel non pode ser substituído nin condicionado polo Estado, ao contrario, os pais deben ter a seguridade de que o Estado lles protexe e garante os seus dereitos.

A Constitución Española de 1978 situou o artigo 27 “Todos tienen derecho a la educación. Se reconoce la libertad de enseñanza” no seu título Primeiro “De los derechos y deberes fundamentales”. Non foi unha decisión casual, se non que respondeu á vontade dos constituíntes para que ambos dereitos se encontrasen nun plano de igualdade e fundamental.

Ao longo dos corenta anos de vixencia da Constitución, as diferentes reformas educativas defenderon con maior ou menor paixón ambos dereitos, desenvolto e reafirmados tamén pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional.



Non obstante, o último proxecto de lei do partido socialista - a chamada LOMLOE - cuestiona o primeiro gran pacto educativo da Transición ao intentar limitar as liberdades educativas recoñecidas na Constitución.

As recentes manifestacións da ministra de educación, que a pesar da abundante normativa e xurisprudencia, entre elas a Declaración Universal dos Dereitos Humanos que no seu artigo 26.3 establece que “ los padres tendrán derecho preferente a escoger el tipo de educación que habrá de darse a sus hijos”, xeraron unha gran alarma social por canto cuestionan que os pais poidan elixir a educación dos seus fillos algo que se materializa cando as familias elixen un centro educativo e non outro.

Ignora tamén a ministra que o artigo 27.3 da Constitución Española establece con claridade que “Los poderes públicos garantizan el derecho que asiste a los padres para que sus hijos reciban la formación religiosa y moral que esté de acuerdo con sus propias convicciones”.

Por todo elo, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao Pleno da corporación provincial a presente moción en defensa das liberdades educativas consagradas na Constitución e propónse a aprobación dos seguintes acordos:

1. Respetar e defender a Constitución Española e a xurisprudencia emanada do Tribunal constitucional en relación ao artigo 27, que sitúan no mesmo plano de igualdade o dereito á educación e a liberdade de ensinanza, mediante un desenvolvemento armónico de ambos dereitos.
2. Garantir que os pais, como primeiros responsables da educación dos seus fillos, elixan o tipo de educación e o centro educativo onde escolarizar aos seu fillos.
3. Defender a rede de centros concertados como garantes da existencia dunha oferta plural complementaria á rede pública, tal e como manifestou o Tribunal Constitucional, e por tanto da liberdade de elección das familias, asegurando a igualdade de oportunidades das mesmas no exercicio deste dereito o que implica que ambas redes, pública e privada - concertada terán que ter os recursos necesarios que aseguren este dereito.



4. Promover e respaldar a autonomía organizativa e pedagóxica dos centros, respectando o carácter propio dos mesmos, para desenvolver proxectos educativos de calidade que poidan responder ás inquietudes e prioridades das familias, co fin de que estas poidan elixir con total liberdade.
5. Garantir a existencia e gratuidade dos centros de educación especial tanto na rede pública como privada - concertada como garantes da liberdade de elección das familias.
6. Respetar e cumprir o artigo 27.3 da Constitución que obriga aos poderes públicos a garantir o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.
7. Abandonar calquera intento dirixido a suprimir a demanda social do artigo 109.2 da LOMCE como factor determinante por parte das administracións á hora de ofertar as prazas educativas.
8. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España para que, a través do cumprimento de todos os puntos desta proposta, defenda e garanta as liberdades educativas consagradas na Constitución Española”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Certamente coincido co meu compañeiro en que menos durmirme, señor Rivera, dálle a un gañas de facer moitísimas cousas, pero non de durmir.

Comezamos a última moción da Orde do Día, pode parecer que sexa unha temática moi alonxada da nosa provincia, pero certamente a continuidade do anunciado pola Ministra de Educación o pasado 14 de novembro afecta a 7.200 nenos desta provincia, a 316 centros, e a 573 mestres que imparten en varios colexios ó longo da provincia e non só na cidade de Lugo.



Como dicía, na inauguración do XV Congreso de Escolas Católicas ante 2000 profesores e directores, tamén educadores, de centros de toda España, a Ministra de Educación facía esta afirmación: “que de ningunha maneira se podía dicir que o dereito dos pais a escoller unha ensinanza relixiosa ou a elixir un centro educativo podería ser parte da liberdade da ensinanza”.

Viña dunha maneira bastante provocadora, tendo en conta o contexto onde o manifestaba, poñendo en cuestionamento un dereito fundamental que se recolle no que foi para nós, ou eu así con total sinceridade e compromiso manifesto, a norma que maior prosperidade, maior progreso, e maiores dereitos deu ós españois e tamén por suposto ós galegos.

Nesta exposición de motivos explicamos un pouco como se regula na Constitución, creo que é sobradamente coñecido por todos vostedes, pero fundamentalmente nese artigo 27 onde se recolle que todos teñen dereito á educación, e que se recoñece a liberdade de ensinanza. Tamén citamos na exposición de motivos o artigo 26.3 da Declaración Universal de Dereitos Humanos, onde fai fincapé en que os pais teñen dereito preferente a escoller o tipo de educación que queiran darlle ós seus fillos.

Pero o máis importante, sen entrar na exposición de motivos, son os acordos; no punto un respectar e defender a Constitución Española e a xurisprudencia emanada do Tribunal constitucional en relación ao artigo 27, que sitúa no mesmo plano de igualdade o dereito á educación e a liberdade de ensinanza, mediante un desenvolvemento armónico de ambos dereitos.

Garantir ós pais, como primeiros responsables da educación dos seus fillos, que elixan o tipo de educación e o centro educativo onde os queiran escolarizar.

Defender a rede de centros concertados como garantes da existencia dunha oferta plural complementaria á rede pública, tal e como manifestou o Tribunal Constitucional, e por tanto da liberdade de elección das familias, asegurando a igualdade de oportunidades das mesmas no exercicio deste dereito o que implica que ambas redes, pública e privada -concertada terán que ter os recursos necesarios para asegurarse ese dereito.



Promover e respaldar a autonomía organizativa e pedagóxica dos centros, respectando o carácter propio dos mesmos, para desenvolver proxectos educativos de calidade que poidan responder ás inquedanzas e prioridades das familias, co fin de que poidan elixir con total liberdade.

Garantir a existencia e gratuidade dos centros de educación especial tanto na rede pública como privada - concertada.

Respectar e cumprir o artigo 27.3 da Constitución que obriga aos poderes públicos a garantir o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.

Abandoar calquera intento dirixido a suprimir a demanda social do artigo 109.2 da LOMCE como factor determinante por parte das administracións á hora de ofertar as prazas educativas.

E dar traslado destes acordos ao Goberno de España para que, a través do cumprimento de todos os puntos desta proposta, defenda e garanta as liberdades educativas consagradas na Constitución Española.

Foron tantas as provocacións escoitadas durante esta mañá que é moi difícil circunscribirse ó asunto sen contestar moitas delas; pero creo que, tendo en conta o momento que estamos a vivir no noso país, e tendo en conta ese futuro incerto en moitas decisións e pactos de goberno por un Partido que ata a data non coñeciamos a súa forma de goberno, si coñecemos o seu ideario, e en moitos aspectos preocupápanos; estoume a referir por suposto a ese pacto entre o Partido Socialista e Podemos para o futuro do noso país. E estoume a referir tamén á posible ruptura de dereitos fundamentais, algo que podía parecer moi lonxe pero está moito máis cerca do que nós cremos, e no caso da nosa provincia incluso xa o contifiquei.

É un momento onde os Grupos Políticos teñen que dicir dunha maneira clara se están á dereita ou á esquerda, aínda que moitas veces, e iso non sexa por identificar dereitas ou esquerdas senón no lugar; estamos moi habituados a tirar a pedra e esconder a man, ou, como vimos en distintos asuntos que aquí se debateron, esixirlle a outra Administración unha cousa pero cando



temos que tomar unha decisión que nos afecta e no que somos competentes dicir absolutamente a contraria e non poñernos colorados.

Cando afecta ó polígono de Riotorto cadaún dará as súas explicacións e ó final os veciños decidirán; pero cando xa está afectando a dereitos fundamentais parece-me se cadra moito menos permisible esa ambigüidade, contestar cun ataque, non sei se neste caso van ter que ver algo de Feijóo, probablemente si porque todo o que pasa neste país, en Bruselas e no mundo, sobre todo se é malo, é culpa de Feijóo, e se é bo evidentemente nunca pasou por alí. Pero neste caso parece-me moi improtante o posicionamento dos Grupos; é verdade que este Partido fíxoo a nivel nacional, e fíxoo dunha maneira moi clara e moi comprometida, porque indubidablemente detrás dunhas siglas hai uns valores, e a liberdade, como di tamén o artigo 1º da nosa Constitución, é un dos primeiros que queremos defender”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Ana M^a. González Abelleira, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Quería comezar esta primeira intervención miña felicitando á Sra. Candia pola capacidade demostrada na elaboración desta moción, pola súa axilidade para redactar tres folios e oito puntos de acordo obviando as competencias en educación da Xunta do Sr. Feijóo, e recollendo ademáis un argumentario da Conferencia Episcopal, do propio PP, de Vox, de Ciudadanos, amparándose no principio básico da Constitución como é a ambigüidade interpretativa. Merece ser felicitada señora Candia porque non é facil este traballo que vostede fixo.

Dende o noso punto de vista esta moción menospreza o ordenamento xurídico estatal, autonómico, e tamén os acordos internacionais. Como ben di estamos suxeitos á Constitución Española, pero a Constitución Española ademáis do artigo 27.3 ten moitos outros puntos, ata 159 artigos se non recordo mal. E tamén eses conflitos que vostede indica de interpretación están resoltos pola propia Constitución no seu artigo 143 onde fala das competencias que se lle atribúen a cada Comunidade Autónoma. Voulle recordar, xa falando diso, porque non dubido do seus coñecementos xurídicos nin os vou cuestionar, pero si que me parece unha falta de respecto á intelixencia das persoas.



O artigo 31 do Estatuto de Autonomía di literalmente que é competencia plena da Comunidade Autónoma a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 xa mencionado, que por certo sendo o máis extenso da Constitución, porque ten dez puntos, vostede só fala de dous que lle interesan. Este artigo do Estatuto de Autonomía fala tamén das leis orgánicas e das facultades que lle atribúe o Estado en materia de educación ás Comunidades Autónomas.

Polo tanto eu creo que é unha pequena burla que se lle fai á cidadanía na comprensión das liberdades, fala vostede; estamos falando dun dereito e dunha liberdade, dentro dos dereitos fundamentais que establece a Constitución.

Mire, o disenso en materia educativa vén de vello, na Constitución Española, nese pacto que tamén menciona vostede da transición, que por certo o Sr. Fraga non aprobou nin firmou o eido social onde se incluía a educación; nese pacto xa había disensos pero tódolos Grupos Políticos, ademáis da situación na que nos encontrabamos, fomos quen de chegar a un acordo.

Hai seis leis orgánicas, dende que se aprobou a Constitución Española, en materia educativa, é dicir que hai seis reformas en materia educativa; pero os socialistas temos clara a idea do que é a ensinanza pública, e non supón ningún ataque, como pretende vostede facer ver nesta moción, nin ameaza a outro tipo de educacións, como si supoñen algunhas leis aprobadas polo PP, como pode ser a LOMCE que dá cabida e cobertura legal á privatización da educación. E é relevante que queden con esta comparación, se me permiten, porque no PSOE apostamos pola complementariedade sen discriminación nin segregación, mentres que o que pretende, ou o que soslaía nesta moción o Partido Popular é a privatización e a segregación.

Mire, os “PP fakes” xa non nos alarman señora Candía, socialmente os galegos e galegas xa sabemos que é cuestión electoralista, están preto as próximas convocatorias electorais, e aquí non hai ningunha ameaza por parte das declaracións da Ministra; non hai ameaza nin á liberdade da ensinanza, nin a nais, nin a pais, nin á organización educativa, nin ós fondos da educación concertada. Pero, como ben coñecen, como diría aquel, tamén do seu Partido, na liña do que “peor para todos mellor para min”, e todo iso que xa saben.



O PP sempre leva a termos de mercado sobre todo aqueles aspectos que son piores do estado de benestar que defendemos os socialistas. A educación para nós non ten nin pais nin nais clientes, nin alumnado mercancía. Polo tanto eu creo que atende ás necesidades universais, e non atendemos a posicións individualizadas, e menos cando veñen dirixidas por confesións ideolóxicas marcadas por crenzas relixiosas que ó mellor non son as máis axeitadas para a educación.

A educación e a ensinanza non é un mercadeo señora Candia, senón que é unha garantía de igualdade e, cando menos, debería ser unha garantía de igualdade de oportunidades que é o que pretendemos dende esta bancada coa educación. E como no Partido Popular sempre utilizan o mesmo argumento conservador que é manter os prestixios do privado á conta dos recurtes do público, niso tamén son vostedes expertos, e senón que lle pregunten ó Sr. Feijóo, á Xunta de Galicia, porque non se preocupou”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Dicía a Sra. Candia na argumentación que un ten que saber se está á esquerda ou á dereita; eu, pola miña banda, cítolle unha frase que lle oín a un compañeiro que foi Deputado, era Mario Outeiro, “eu teño o corazón á esquerda e os pés na terra”, eu sei moi ben de que lado está e sei que valores representa o Partido Popular, e sei que valores representa o BNG.

Veñen aquí cunha moción que a verdade é que tiven que mirar o logo porque pensei que era doutro Partido; coa igrexa nos topamos. Veñen coa Constitución que só lles vale para algunhas cousas e para outras non, curioso que sexa eu quen teña que defender a Constitución que non me parece tan boa como a poñen; pero a Constitución evidentemente dá dereito a que as familias escollan, pero ningunha obriga de que todos teñamos que pagar a ensinanza privada do que elixa ese tipo de ensinanza. Unha cousa é liberdade e outra é a obriga que ten o Estado en pagar ou non ese ensino.

Cadaquén é libre de elixir que tipo de ensinanza quere para os seus fillos, pero, como dicía, non temos porque pagala todos; a ensinanza privada é un modelo privado, e aquel que poda e queira que utilice a ensinanza privada; pero a obriga do Estado é ter unha ensinanza pública de



calidade e non financiar a ensinanza privada. Para o BNG os concertos do ensino tiveron algo de sentido na transición cando non había desenvolvido un modelo público suficiente para atender tódalas demandas, había máis nenos e nenas que necesitaban escolarización que os propios medios do Estado podían ofertar nun prazo necesario. Iso para nós foi perdendo sentido, e a verdade é que incluso deberían ir camiñando cara á desaparición.

Esa é a postura clara do BNG sobre os concertos educativos, a do Sr. Feijóo non; dicía ben a miña compañeira que non falan aquí da Xunta cando teñen as competencias, xa firmaron novos concertos, por certo dándolle diñeiro a aqueles que segregan entre nenos e nenas, que ó mellor con iso temos que mirar en que ano estamos para ver se con diñeiro público temos que financiar a educación que segrega entre nenos e nenas, e que significa iso para a construción dun país en igualdade. Pero aquí agora traen esta moción porque se puxeron nerviosos os Bispos, crin entender unha cousa así, están nerviosos os Bispos porque poden perder parte dunha forma de financiamento.

E non se preocupen porque xa lles digo que os pais poden elixir. Esquecen tamén que a Constitución declara que o Estado español é un estado laico e aconfesional, claro que os Bispos non lles pediron que incluían isto na moción, pero claramente o di.

En relación ás crenzas e ás relixións nós témolo claro, calquera pai ou nai de familia ten o dereito de educar na crenza que queira, na relixión católica, na musulmana, no ateísmo ou no que queira, pero non na educación, a relixión e a educación teñen que estar separadas. En calquera país moderno, e xa non tan moderno, falabamos da modernidade pero isto vén xa da Revolución Francesa, en Francia está separada a educación da relixión, e é algo completamente lóxico; de feito a nosa Constitución do Estado español declara iso e na práctica non o é.

Pero aínda así, se queren, na ensinanza privada ter algún tipo de ensinanza católica téñana, ninguén llelo impide, pero non digan que é unha obriga do Estado, ou da Xunta, ou de quen queiran, financiar a ensinanza católica, porque non o é, nin atenta contra ningunha liberdade nin dereito de ninguén; aquí non se está coartando ningunha liberdade, todo o mundo pode decidir onde estudan os seus fillos. Pero esta moción parece máis dos empresarios da ensinanza católica, que están preocupados, baixoulles o negocio.



Sexamos serios, somos un país laico e aconfesional, así o declara a nosa Constitución, por riba dos artigos que di vostede, iso é a base do noso Estado, e vostedes queren ir por outra vía, xa o levan facendo todo o tempo. Veñen aquí con isto, claro, Vox quere adiantalos pola dereita e entonces imos poñernos nós tamén á dereita non vaia ser.

Os pais e nais deste país poden elixir onde estudan os seus fillos, puideron sempre e van seguir podendo; pero non digan que hai que financiar con diñeiro público a ensinanza católica porque iso non é unha obriga, iso é unha decisión política que levan vostedes facendo moitos anos. Por tanto non poñan alarma onde non a hai, vostedes queren unha ensinanza católica e nós queremos unha ensinanza laica, e iso é saber de que lado está cadaún; nós sabemos de que lado estamos, queremos un ensino público, de calidade, e laico, e ese é o lado do que está o Bloque Nacionalista Galego”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Dicía a compañeira que ó Partido Socialista non lle dan medo os “PP fakes”, a nós tampouco, a nós o que realmente nos asustan son os “Ministro fakes”, os que botan arroutadas poñendo en perigo a continuidade dos traballadores de Alcoa, botan arroutadas poñendo en perigo e certificando o peche dunha empresa nas Pontes, ou neste caso poñen en perigo a continuidade dos centros concertados; e dio alegremente nun foro certamente para provocar.

E eu agradézolle a felicitación, aínda que sexa con ironía e sarcasmo, porque a verdade é que chegan as intervencións tan difíciles de dixerir que ata cando a unha a felicitan con ironía incluso o agradece, porque creo que isto que parecía que era a nova etapa da normalidade cando permitimos falar, ademáis neste Pleno parece que fallou un pouco este cronómetro instigador, entonces case que todo o mundo nos fomos relaxando un pouco, e puídemos escoitar as verdades, e as verdades escoitáronse; escoitamos ó compañeiro do Bloque Nacionalista Galego dicindo que a súa postura é que os centros concertados desaparezan, e xusto o que estamos pedindo aquí é que non desaparezan, este é o tema que eu quería tratar, non foi nin sequera unha pregunta, díxoo dunha maneira libre.



E se iso é así, que non é que afecte ós Bispos, eu tamén intentei contextualizar para que a xente non fora un pouco polas ramas ou dixera máis ou menos no que se sente cómodo, que normalmente non é o asunto do debate nin tampouco, como normalmente acostuman a facer, a poñer en boca do Partido Popular cousas que non dixemos. Nós estamos falando da liberdade de ensinanza, e da liberdade que teñen os pais a elixir o centro; eu aquí non citei a ningún Bispo, con tódolos respectos por suposto; nin citei tampouco a ninguén que non lle afecte directamente esta decisión, pero sobre todo porque é un dereito fundamental.

E cando digo de dereitas ou esquerdas, que foi o que precisamente animou ó compañeiro do Bloque Nacionalista Galego a dicir a verdade, non me refería a ideolóxicamente senón que cando toca votar e cando toca decidir se queremos un polígono para Riotorto hai que dicir que si ou que non; cando toca decidir se queremos reclamarlle ó Goberno de España os 700 millóns que son nosos, temos que ver que non se queren reclamar, e aínda encima temos que tragar que se nos diga a nós que somos partidistas.

Entonces, a coherencia é algo absolutamente importante, na política como non se acostuma a practicar xa parece que desapareceu, pero agora é cando hai que dicir a verdade, que temos un pacto cun Partido que nos facilita o goberno a calquera prezo, aínda que se queira romper a Constitución e aínda que queira tomar decisións certamente perigosas para poñer en perigo principios e dereitos fundamentais?, que eu podíalle citar varias sentenzas pero isto non é un debate xurídico.

Eu tamén a felicito por esa argumentación xurídica, pero aquí estamos facendo política neste caso, e a mín váleme a aportación que vostede me di, e eu acéptolle, e vouno traducir nunha emenda, que no punto oito, ademáis do Goberno do Estado, incluamos á Comunidade Autónoma de Galicia, non hai ningún inconvinte e así invítoa a apoiála”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Ana M^a. González Abelleira, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:



“Se me permite señora Candia, usando termos educativos, como vexo que é alumna aplicada e trae os deberes que lle indica a Xunta, supoño que por delegación do Sr. Balseiro, moi ben feitos, ánimoa a que consulte coa comunidade educativa, e que prepare unha moción coas verdadeiras demandas desta comunidade educativa porque, como lle digo, nestes dez anos de incompetencia da Xunta, xa que non quere falar de competencias, en materia educativa tivo que chegar un afamado chef e sair na tele para dicir que os comedores escolares dos centros de educación especial por exemplo non eran os axeitados, apareceron intoxicacións alimentarias nas escolas infantís, e non se sabe porqué. A escasez do profesorado de apoio tamén é moi relevante, reducíuse un 10% o profesorado da educación galega. Polo tanto qué me vén contando destas artelladas e destas coherencias, cando o Partido Popular non se preocupa para nada da educación pública nin concertada de Galicia.

No Partido Socialista temos unha cousa clara, e é que defendemos a educación pública obrigatoria universal, igualitaria, e gratuita, sen prexuízo, como di o noso ordenamento xurídico que xa lle dixen que respectamos, da complementariedade e da planificación necesaria para atender as necesidades sociais actuais en materia educativa, xusto o contrario do que establece a súa moción. Polo tanto non se pode aceptar, simplemente pensa que por poñer Xunta de Galicia lle imos aceptar esa emenda, pois non se pode aceptar porque o que di nesta consagración que vostede fala, ademáis utilizando un léxico que elude a esas crenzas relixiosas que eu lle dicía, e hai que diferenzar o dereito á educación que teñen garantido tódolos nenos e nenas, e a liberdade de elección que vén preferencialmente onde escollen cadaun dos pais e nais.

E o que dixo a Ministra non foi que ía desaparecer a concertada, o que dixo, amparándose nas trinta sentenzas do Tribunal Constitucional, é que a Constitución non establece como dereito a elección de centro, o dereito é á educación e á escolarización, e a elección establécese seguindo preferenzas que as nais e os pais marcan por residencia e por lugar de traballo; polo tanto non mintan, as “PP fakes” existen”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:



“A Sra. Candia dicía, como sorprendida, que o BNG recoñeceu que non lle gusta a ensinanza concertada, iso dixémolo sempre, se de algo non pecamos é de non ser claros; pero explícolle unha cousa, nós cando gobernamos tamén somos serios e sabemos cal é a situación, a proposta é unha vez que rematen os concertos, porque se hai algo asinado nós non o cambiaríamos no poder, ir negociando e ir reducindo o peso da educación concertada sobre a pública, porque cremos na ensinanza pública, o modelo concertado non é o modelo do BNG, iso non é algo que teñamos escondido no noso discurso senón que somos moi clariños, outros ó mellor non o son pero nós si, e sentímonos cómodos dicindo que hai que reducir o peso da ensinanza concertada con respecto á pública; iso é algo que defendemos neste foro e en calquera lugar no que falemos de educación e dende sempre. Igual que foi claro o noso posicionamento en contra da LOMCE, a peor lei do ensino de longo, e que supuxo unha criba do ensino público; e traer unha moción defendendo a LOMCE é complicado.

E despois non queren falar da relixión pero un le esta moción e case que se retrotrae a casos de Estados Unidos onde hai Estados onde no debate está, como hai liberdade dos pais para elixir, en que se hai que ensinarlles ós nenos que a terra é plana ou é redonda, ou se se pode ensinar o darwinismo como algo demostrado ou hai que falar da teoría do creacionismo; pois a liberdade está en elixir o tipo de educación, pero non o levemos ó extremo e non fagamos demagoxias, porque esta moción é só unha demagoxia porque non coñezo a ninguén neste país que non puidera educar ós seus fillos na ensinanza católica, eu non coñezo a ninguén pero se me trae un exemplo ó mellor lle digo a solución porque a ten fácil, pero iso non é un problema neste país.

Por tanto imos ser serios; vostedes tiñan presión para traer esta moción, pero nisto o BNG é claro e síntese cómodo dicindo que defende un ensino público e laico, dixémolo sempre e está nas nosas bases e na nosa ideoloxía. Vostede aquí xera unha dúbida sobre non sei qué, pero non está na sociedade, á sociedade non lle preocupa isto senón que lle preocupa a calidade do ensino público, o prezo dos libros, os comedores, e preocúpalles o transporte; así que sexan serios e miren os problemas, falen cos pais, porque eu de tódolos que coñezo non vin a ninguén preocupado por este tema da súa moción, están preocupados polo estado da ensinanza pública pero non por poder elixir ou non”.



Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Que o Bloque Nacionalista Galego di unha cousa cando non goberna e que fai outra cando goberna o mellor exemplo é coas Deputacións, que queren dinamitalas pero cando lle dan ocasión colle o seu pedaciño de tarta, máis claro imposible.

Eu só quería facer un convite, especialmente ó Partido Socialista, porque o BNG non dixo que non lle gustara senón que dixo que quería que desaparecieran, porque as cousas hai que chamalas polo seu nome. Insisto, eu facíalle un envite ó Partido Socialista, porque creo que en asuntos de Estado os Partidos constitucionalistas deben ir unidos, e dígollo con convencemento, non somos moito de traer mocións que se vaian a tódolos concellos, e ben o saben, adoitamos priorizar o que afecta á provincia, e neste caso creo que esta afecta, e aquí, despois de escoitar de todo, ata escoitamos no tema da auga que cando lle dicimos a un concello que é competencia del vostedes din que ten que pagar a Xunta, e cando a Xunta crea o mecanismo para amañalo din que lle quita a competencia ós concellos.

Eses son dous ou tres exemplos que vimos hoxe que certamente dá para saír asustado, pero non hai que alterarse nin enfadarse, hai que seguir insistindo, e o Partido Socialista, que foi un gran Partido neste país, que para os asuntos de estado pode chegar a acordos co Partido Popular, por certo como se chegou na pasada lexislatura que tanto endemonian pero ata agora nada distinto a ela fixeron”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.



PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

10.- CONTA DOS INFORMES DO 3º TRIMESTRE DE 2019, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010, DA DEPUTACIÓN DE LUGO, DA SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, SA, E DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE LUGO E INFORMES DOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2019 DO R.D. 635/2014.

Dada conta dos informes do 3º trimestre de 2019, relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010, da Deputación de Lugo, da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, SA, e do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento de Lugo, e informes dos meses de xullo, agosto e setembro de 2019 do R.D. 635/2014. O Pleno da Corporación queda enterado.

11.- CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 30 DE SETEMBRO DE 2019.

O Pleno da Corporación queda enterado da información económica da Deputación de Lugo a 30 de setembro de 2019.

12.- CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30 DE SETEMBRO DE 2019 E PREVISIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2019.

Dada conta do informe de avaliación do cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira a 30 de setembro de 2019 e previsión a 31 de decembro de 2019. O Pleno da Corporación queda enterado.

13.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.



Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta e un de outubro dous mil dezanove, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 3138 ao 3640. O Pleno da Corporación queda enterado.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Por parte do Sr. Presidente maniféstase que hai dous Rogos e unha Pregunta formulados polo Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación.

R O G O S

Primeiro.- Rogo formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á estrada provincial LU P 1502.

Intervén, para formular o Rogo, o Sr. Deputado D. José Jesús Novo Martínez, en representación do Grupo Provincial, no seguinte sentido:

“O Rogo que presentamos refírese a unha vía provincial no concello de Burela, que comunica Burela co núcleo de San Román no concello de Cervo. Concretamente a vía LU-P-1502.

Esta é unha vía que ten moito tránsito posto que San Román é unha parroquia con bastantes habitantes, é unha vía que é necesario facerlle unhas beirarrúas máis ca nada polo tema da seguridade.

Polo tanto, sen ler a exposición porque supoño que todos vostedes teñen unha copia, o que facemos é rogar que se realicen as obras de mellora da seguridade viaria na estrada provincial LU-



P-1502 dotando á mesma de beirarrúas e unha rotonda nas inmediacións do cemiterio municipal de Burela co fin de favorecer a circulación e evitar accidentes”.

Intervén o Sr. Presidente, dándolle as grazas ó Sr. Deputado D. Jesús Novo Martínez polo seu Rogo.

Segundo.- Rogo formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á vaguada do Campus de Lugo.

Para formular o Rogo intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“O Rogo que presentamos ó respecto do proxecto que se chamou no seu momento, hai cerca de dezanove anos, “proxecto para a vaguada do Campus de Lugo”, unhas obras acometidas cun orzamento de case que un millón de euros, que incluía un auditorio ao aire libre, unha lagoa, un miradoiro ao Miño e, nel, un quiosco de bebidas; e que a día de hoxe todo isto está convertido nunha verdadeira ruína.

A explotación do quiosco estivo adxudicada e funcionou durante varios anos pero, rematada a concesión, a Deputación intentou unha nova adxudicación que quedou deserta. Parece que é un costume dos gobernos bipartitos que as adxudicacións queden desertas, igual é que están mal redactadas ou hai algo que non cadra. En todo caso o entorno de toda esta zona quedou degradado, e non se fai absolutamente ningún tipo de intervención neste aspecto.

E, como dixo o meu compañeiro, non imos ler todo o Rogo porque todos vostedes o teñen, así que expoñemos que o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte Rogo: Que a Deputación Provincial de Lugo ben directamente, alí onde lle competa por ser de propiedade provincial o terreo, ou indirectamente, mediante as xestións oportunas no caso de que o solo estea cedido, tome as medidas oportunas para corrixir un deterioro que afecta á boa imaxe da cidade de Lugo”.

O Sr. Presidente maniféstalle ó Sr. Poy Franco as grazas pola presentación do Rogo.



PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa á EP 2601 e á EP 2604, no concello de Xove.

A continuación, para formular a Pregunta, intervén o Sr. Deputado D. José Jesús Novo Martínez, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Esta Pregunta fai referencia a varias vías do concello de Xove, posto que é bastante curioso o tema xa que o concello de Xove asinou o 11 de xullo de 2018 un convenio onde poñía máis do 50% para amañar tódalas vías municipais que discorren por ese concello.

No propio protocolo que se asinou deste convenio, recoñécese o estado pésimo da propia rede viaria provincial, e neste momento hai unha en concreto que é a 2601, da cal saíron unhas fotos moi chulas que lle foron plantar eucaliptos ós buracos da carretera; e a vía 2604 tiña que estar xa rematada e neste momento só está adxudicada en 2,5 quilómetros dos 5,5 que ten; pois deixárona bastante abandonada, igual ca maioría que temos nos concellos, pero esta máis aínda, posto que estaba en espera de executar a obra; obra que non se ten previsto que comece ata 2020 xa que se acaba de adxudicar a unha empresa para que faga a metade. A realidade é que esa vía en concreto está en moi mal estado.

Por todo elo, as preguntas son as seguintes:

- ¿Ten previsto a Deputación cumprir o acordo asinado?. ¿En que data concreta?.
- ¿Cando vai licitar o resto pendente da estrada provincial EP 2601 e a totalidade da EP 2604?.”

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen se manifesta no seguinte sentido:

“En canto a esta Pregunta, voulle dar un dato; o que vostede formula nesta pregunta e que está perfectamente nun protocolo, supera o millón e medio de euros, e eu dígolle: multiplicamos



isto por sesenta e sete concellos que ten a nosa provincia?, porque teñen o mesmo dereito, porque ademáis o concello polo que vostede pregunta é o máis rico da provincia, só hai que ver o que recibe da empresa que afortunadamente ten alí ubicada. Pois un coma cinco por sesenta e sete dá cen coma cinco millóns de euros, por tanto explicárame vostede como podemos facer se imos ter de orzamento entono a noventa e dous para todo.

Pero aparte desa consideración inicial, hai unha parte, como vostede tamén recoñece, que está contratada a unha empresa que se chama Carferlo, e que o importe desa actuación son en números redondos 340.000 euros, exactamente 339.500 euros. É certo que non está incluída toda esa estrada, senón que é unha parte.

Polo tanto non lle caiba dúbida de que a vontade deste equipo de goberno é traballar por tódolos concellos, na medida das posibilidades de investimento que hai; pero se nos adicamos a pedir estes volumes para un só, qué quere que lle diga?; imos ser serios, porque o resto de concellos da provincia, da súa ou doutra cor política, tamén teñen dereito a ser atendidos porque tamén teñen estradas en non moi bo estado; e para o firme, non para facer beirarrúas, porque eu creo que é prioritario o firme ca facer beirarrúas Sr. Novo; hai moitas estradas da Xunta e do Estado que non teñen beirarrúas; e agora esixímoslle á Deputación que faga beirarrúas?, pois se puideramos si, se estivera nun casco urbano tamén; pero iso de que é mellor para a seguridade do tráfico, en calquera estrada é moito mellor para a seguridade do tráfico que tiveran beirarrúas, a N-VI por exemplo.

Entonces, non lle caiba dúbida, ese proxecto xa está en marcha, farase, e o demáis na medida das posibilidades igual có resto de concellos”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e nove minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.



DEPUTACIÓN DE LUGO